



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 389
26 de novembro de 2018

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Emendas parciais ou ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

- 59 emendas do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 40427) [131960, 131991](#)
- 92 emendas do G. P. de En Marea (doc. núm. 40415) [131993](#)
- 66 emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 40424) [132015](#)
- 18 emendas G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 40420) [132039](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Aprobación sen modificacións

■ 38784 (10/PNC-003106)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e cinco deputados/as máis

Sobre a continuación pola Xunta de Galicia co impulso dos programas de mellora da raza rubia galega

[131957](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

■ 39109 (10/PNC-003136)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/deputadas máis

Sobre a renovación polo Goberno galego do Programa de recollida de plástico agrícola, así como o establecemento dunha liña de axudas aos concellos de vocación agrícola-gandeira para a súa recollida e o acondicionamento dos puntos de depósito

[131958](#)

■ 39340 (10/PNC-003160)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a execución da reestruturación parcelaria nas parroquias de Bamonde, Lampai, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Teo e Vilariño, do concello de Teo [131958](#)

Rexeitamento das iniciativas

I 37583 (10/PNC-003016)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre o incremento polo Goberno galego dos medios persoais, materiais e económicos daqueles proxectos que investigan as mellores técnicas de loita contra a praga da avespa velutina [131959](#)

I 38281 (10/PNC-003069)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre a elaboración e a publicación por parte da Consellería do Medio Rural do seu plan estratéxico de subvencións, segundo establece a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, así como a publicación na súa páxina web da información referida á totalidade dos convenios asinados cos concellos galegos nos anos 2017 e 2018, segundo o disposto na mencionada lei [131959](#)

I 38585 (10/PNC-003083)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis

Sobre a elaboración e dotación orzamentaria pola Xunta de Galicia dun plan estratéxico para revertir a situación de déficit nas principais producións agrícolas, así como a elaboración, xunto coas produtoras, de liñas específicas de implantación de cultivos estritamente agrarios, en coordinación coas actividades agrícolas e gandeiras existentes [131959](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas parciais ou ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, reunida o 16 de xaneiro de 2017, tendo en conta o prazo para presentar emendas parciais ou ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que rematou ás 18.30 horas do 16 de novembro de 2018, examinou os documentos que se indican a continuación:

A) Relación de documentos rexistrados en prazo

Dentro do dito prazo, os grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego presentaron os documentos seguintes:

a) Documentos presentados polo G. P. de En Marea

Documento co número de rexistro 40415.

b) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia.

Documento co número de rexistro 40424 (corrección de erros no doc. núm. 40675). Na corrección de erros indícase que houbo unha disfuncionalidade entre o documento asinado e o programa TECO empregado para a presentación das emendas. Logo de verificada esta circunstancia, admítase a corrección.

c) Documentos presentados polo G. P. do BNG.

Documento co número de rexistro 40420.

B) Relación de documentos rexistrados fóra de prazo

Segundo consta no expediente do proxecto de lei, constátase que o Grupo Parlamentario Popular presentou o documento seguinte: documento con número de rexistro de entrada 40427 (corrección de erros no doc. núm. 40428).

Da información rexistral subministrada e tendo en conta o previsto nas Normas de desenvolvemento do Regulamento da Cámara para a utilización das técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na actividade parlamentaria (BOPG núm. 139, do 13 de maio de 2006)] verifícase que foi enviado telematicamente o 16 de novembro de 2018, ás 18:30:10.324, polo que foi automaticamente rexistrado ás 10:00 horas do 17 de novembro de 2018, por terse presentado fóra do prazo regulamentario. Porén, tendo en conta os precedentes en casos análogos a este e dado o tempo

transcorrido desde o límite temporal para formulalas, algo máis de 10 segundos, a Mesa considera procedente a admisión do documento.

Polo demais, o Sr. presidente entende que as emendas 10, 42, 43, 49 e 55 do G. P. Popular non son congruentes co proxecto de lei por versar sobre materias non comprendidas nel e hai outras 21 que non gardan unha homoxeneidade material ou vinculación directa co texto que se emenda.

A Sra. vicepresidenta e o Sr. secretario non comparten este criterio tendo en conta o contido heteroxéneo do proxecto de lei que prevé medidas administrativas de diversa natureza. Consecuentemente, opinan que si existe unha correlación material entre as citadas emendas e esa proposta lexislativa.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.3 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas ao articulado do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas co seguinte detalle:

- a) 59 emendas do G. P. Popular (doc. núm. 40427 e corrección de erros no doc. núm. 40428).
- b) 92 emendas do G. P. de En Marea (doc. núm. 40415).
- c) 66 emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 40424 coa corrección de erros realizada no doc. núm. 40675).
- d) 18 emendas G. P. do BNG (doc. núm. 40420).

2º. Admitilas a trámite.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2018.
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 23 de novembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Aprobación sen modificacións

- 38784 (10/PNC-003106)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vegá Pérez, Daniel e cinco deputados/as máis

Sobre a continuación pola Xunta de Galicia co impulso dos programas de mellora da raza rubia galega BOPG nº 375, do 24.10.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir a potenciar os programas de mellora da raza rubia galega.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 39109 (10/PNC-003136)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/deputadas máis

Sobre a renovación polo Goberno galego do Programa de recollida de plástico agrícola, así como o establecemento dunha liña de axudas aos concellos de vocación agrícola-gandeira para a súa recollida e o acondicionamento dos puntos de depósito
BOPG nº 375, do 24.10.2018

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a estudar medidas para colaborar cos concellos na recollida e transporte dos plásticos usados de orixe agrícola.»

- 39340 (10/PNC-003160)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a execución da reestruturación parcelaria nas parroquias de Bamonde, Lampai, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Teo e Vilariño, do concello de Teo
BOPG nº 378, do 31.10.2018

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que estude a posibilidade de iniciar os traballos de reestruturación parcelaria de Baamonde, Lampai, Luci, Luou, Oza, Rarís, Teo e Vilariño, así como

doutras zonas que tamén o soliciten, cumprindo cos obxectivos da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.»

Rexeitamento das iniciativas

- 37583 (10/PNC-003016)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre o incremento polo Goberno galego dos medios persoais, materiais e económicos daqueles proxectos que investigan as mellores técnicas de loita contra a praga da avésa velutina
BOPG nº 365, do 03.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 38281 (10/PNC-003069)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre a elaboración e a publicación por parte da Consellería do Medio Rural do seu plan estratéxico de subvencións, segundo establece a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, así como a publicación na súa páxina web da información referida á totalidade dos convenios asinados cos concellos galegos nos anos 2017 e 2018, segundo o disposto na mencionada lei
BOPG nº 371, do 16.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 38585 (10/PNC-003083)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis

Sobre a elaboración e dotación orzamentaria pola Xunta de Galicia dun plan estratéxico para reverter a situación de déficit nas principais producións agrícolas, así como a elaboración, xunto coas produtoras, de liñas específicas de implantación de cultivos estritamente agrarios, en coordinación coas actividades agrícolas e gandeiras existentes
BOPG nº 371, do 16.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E
ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 10/PL-000011).**

Emenda nº2, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 5

Modifícase o apartado vinte e catro do número 2 do artigo 5, que queda redactado como segue:

“Vinte e catro. Modifícase a regra décimo primeira da tarifa X-5 contida na sublínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

“Décimo primeira. As embarcacións atracadas ou ancoradas en instalacións propias de concesión ou autorización administrativa, agás que no prego de condicións do título se determine outra cousa, aboarán en todo caso o concepto A) da regra sexta e os demais sumandos B) e C) por aqueles servizos prestados en instalacións alleas á concesión ou autorización administrativa. Para o seu aboamento o concesionario ou o autorizado poderá optar:

a) Pola liquidación directa da tarifa polo organismo portuario ao suxeito pasivo baseándose na documentación que o concesionario ou o autorizado entregará a Portos de Galicia, cos datos diarios precisos para que o mesmo poida liquidar a tarifa tanto ás embarcacións de paso como ás que teñen base na concesión ou autorización, de acordo co procedemento e formato que Portos de Galicia determine. A domiciliación bancaria poderá ser esixida por Portos de Galicia se o estimase conveniente para a xestión tarifaria das instalacións.

b) Polo aboamento da tarifa, subrogándose na obriga dos suxeitos pasivos. Neste caso, o concesionario ou o autorizado entregará a Portos de Galicia a documentación que lle sexa requirida, con arranxo ao procedemento e formato que sinala este organismo, cos datos necesarios para realizar a liquidación que practicará Portos de Galicia. Neste caso, Portos de Galicia poderá acordar unha redución de ata un 15 % da contía base da tarifa que lle corresponda, sendo esta redución dun 5 % se a relación de embarcacións de base declaradas é



inferior a 100, do 10 % se está entre 101 e 200 e do 15 % se é superior a 201. Para as embarcacións en tránsito que ocupen prazas de uso público a redución na contía da tarifa base será do 5 %.””

Emenda nº3, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 5

Modifícase o parágrafo dez do apartado vinte e seis do número 2 do artigo 5, da seguinte maneira:

Onde di: “... Para o exercicio 2019 este valor medio é de 0,116842 €/Kwh. ...”

Debe dicir: “... Para o exercicio 2019 este valor medio é de 0,1209 €/Kwh. ...”

Emenda nº1, ao apartado 2, de Adición. Artigo 5

Engádese un novo apartado quince bis ao número 2 do artigo 5, co seguinte contido:

“ Quince bis. Modifícase a alínea 68 do anexo 3

« 68 Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia . Por metro cúbico de auga captado 0,017 »”

Emenda nº7, ao apartado Once, de Adición. Artigo 6

Deben engadirse ao final do apartado once do artigo 6 os seguintes cadros:

Emenda nº6, ao apartado Dez bis, de Adición. Artigo 6

Engádese un novo apartado dez bis ao artigo 6, co seguinte contido:

“Dez bis. Engádesse as letras ñ) e o) ao artigo 167, que quedan redactadas como segue:

“ñ) Cando sexa nomeado como titular das subdelegacións do Goberno nas provincias ou das direccións insulares da Administración xeral do Estado e non opte por permanecer na situación de servizo activo na súa Administración de orixe.

o) Cando pase a desenvolver cargos directivos nas sociedades mercantís públicas autonómicas ou nas fundacións do sector público autonómico, cando os ditos cargos sexan designados previo acordo do Consello da Xunta de Galicia ou polo seus propios órganos de goberno.””

Emenda nº5, ao apartado Seis bis, de Adición. Artigo 6

Engádesse un novo apartado seis bis ao artigo 6, co seguinte contido:

“Seis bis. Modifícase o número 3 do artigo 89, que queda coa seguinte redacción:

“3. Para a valoración dos méritos, das capacidades e, de ser o caso, das aptitudes dos candidatos crearanse comisións de valoración, coa composición e o réxime de funcionamento que se determinen regulamentariamente e nos casos dos concursos ordinarios garantírase a participación da representación do persoal. A composición destes órganos responderá aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuarase ao criterio de paridade entre home e muller. O seu funcionamento axustarase aos principios de imparcialidade e obxectividade.””

Emenda nº4, ao apartado Tres bis, de Adición. Artigo 6

Engádesse un novo apartado tres bis ao artigo 6, co seguinte contido:

“Tres bis. Modifícase a letra f) do número 4 do artigo 38, que queda coa seguinte redacción:



“f) Os requisitos e, nos casos en que proceda, as áreas funcionais, os méritos, as capacidades, a experiencia ou categoría profesional para a súa provisión.””

Emenda nº8, ao apartado Trece bis, de Adición. Artigo 6

Engádese un novo apartado trece bis ao artigo 6, co seguinte contido:

“Trece bis. Engádese un número 5 na disposición transitoria primeira coa seguinte redacción:

“5. O persoal laboral fixo, que a consecuencia do proceso de funcionarización adquira a condición de funcionario de carreira, e polo tanto mantéñase no mesmo posto de traballo obxecto de funcionarización, garántenselle as retribucións brutas que estaba a percibir como laboral fixo se estas fosen superiores ás que lle correspondan como funcionario mentres permaneza nese destino. A diferenza de retribucións entre funcionario e laboral farase efectiva mensualmente mediante un complemento persoal de funcionarización.

Este complemento non é nin compensable nin absorbible, salvo que se incrementen as retribucións complementarias deste persoal por algunha causa que non derive dos incrementos anuais que con carácter xeral establezan as leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.””

Emenda nº9, de Substitución. Artigo 11

Débese substituír a actual redacción do artigo 11 pola seguinte:

“Engádese un número Tres bis na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, coa seguinte redacción:

“Tres bis. Igualmente cando as circunstancias económicas da sociedade o permitan por cumprir os obxectivos orzamentarios e as previsións do seu plan de viabilidade, a persoa titular da



consellería competente en materia de residuos, previo informe favorable da consellería competente en materia de facenda, poderá establecer unha bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada nunha porcentaxe que non exceda do 10 por cento da cantidade que en concepto de canon estea vixente no ano inmediatamente anterior.

A aprobación da contía do canon bonificado por tonelada publicarase no Diario Oficial de Galicia conxuntamente coa actualización anual do canon unitario prevista no número dous da presente disposición.

Para poder beneficiarse da dita bonificación, as entidades locais deberán presentar a súa solicitude ante a sociedade antes de que transcorra un mes dende a súa publicación, xuntando unha declaración na que se comprometan a adoptar as medidas para poder trasladar, con efectos económicos do primeiro de xaneiro da anualidade correspondente a aprobación dese canon bonificado, o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, mediante a modificación ou adaptación das prestacións patrimoniais de carácter público que tivesen establecidas para o servizo público de recollida de residuos urbanos, tratamento e eliminación destes, así como a procurar unha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas, que fomenten a recollida selectiva orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros. A presentación da indicada declaración determinará a inmediata aplicación do canon bonificado con efectos económicos do primeiro de xaneiro da anualidade correspondente a aprobación dese canon bonificado.

Dentro dos dous primeiros meses do primeiro ano seguinte ao de aplicación da bonificación do canon unitario de tratamento por tonelada, as entidades locais beneficiarias de dito canon deberán presentar unha certificación do órgano da entidade local que corresponda, na que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas no parágrafo anterior relativas, en primeiro lugar, a ter adoptado as medidas para permitir nese ano trasladar a bonificación ás persoas beneficiarias do servizo e, en segundo lugar, á adopción ou mantemento das medidas sinaladas de fomento da recollida selectiva ou de fomento da reciclaxe dos envases lixeiros.

No suposto de que, no prazo sinalado no parágrafo anterior, non se aportase dito certificado ou se constatase o incumprimento das condicións requiridas para o disfrute da bonificación, será de aplicación o canon ordinario sen



bonificación, polo que a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A (Sogama) procederá a facturar antes do 30 de marzo o importe da bonificación aplicada o ano anterior. Para o caso de impago deste importe estarase ao disposto no apartado seis desta disposición adicional. ””

Emenda nº10, de Adición. Artigo 11

Engádesse un novo artigo 11 bis, co seguinte contido:

“Artigo 11 bis. Modificación da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia

Engádesse un derradeiro parágrafo na letra b) do número 1 do artigo 72 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, coa seguinte redacción:

“Exclusivamente para a caza do xabaril, poderá practicarse esta modalidade de caza colectiva coa participación dun mínimo de 8 cazadores/as.””

Emenda nº11, ao apartado Un, de Substitución. Artigo 12

Débase substituír a actual redacción do apartado Un do artigo 12 pola seguinte:

“Un. Engádesse un novo artigo 117 bis coa seguinte redacción:

“Artigo 117 bis. Modalidades de execución das actuacións no sistema de expropiación

A administración expropiante poderá utilizar, para o desenvolvemento da actividade de execución das actuacións no sistema de expropiación, todas as modalidades de xestión directa e indirecta admitidas pola lexislación de réxime xurídico, de contratación das Administracións Públicas, de réxime local e de ordenación territorial e urbanística.””

Emenda nº12, ao apartado Un bis, de Adición. Artigo 12

Engádese un novo apartado Un bis ao artigo 12, que queda redactado como segue:

“Un bis. Modifícase o número 2 do artigo 157, que queda redactado como segue:

“2. Toda infracción urbanística implicará a imposición de sancións ás persoas responsables, así como a obriga de resarcimento dos danos e indemnización das perdas a cargo deles, con independencia das medidas previstas na sección anterior. A obriga de resarcimento dos danos e de indemnización das perdas provocados no patrimonio das Administracións públicas poderá impoñerse na propia resolución sancionadora e a súa execución realizarase, de ser o caso, a través dos medios de execución forzosa previstos pola lexislación do procedemento administrativo común”.

Emenda nº13, ao apartado Un ter, de Adición. Artigo 12

Engádese un novo apartado Un ter ao artigo 12, que queda redactado como segue:

“Un ter. Engádese unha nova letra f) ao número 3 do artigo 158 coa seguinte redacción:

“f) A realización de pintadas, grafitis, incisións ou outros actos que causen danos ou deterioracións ou menoscaben o ornato da vía pública, do mobiliario urbano, espazos publicitarios, ou dos paramentos exteriores das edificacións, construcións e instalacións, incluídos os muros e cerramentos de todo tipo, sempre que exista reincidencia ou os danos sexan irreparables, entendéndose por tales aqueles que esixan a substitución do elemento afectado.

Non será constitutiva de infracción a realización de murais e grafitis de valor artístico nos espazos públicos que excepcionalmente cedan os concellos a estes efectos, sempre que non prexudiquen o entorno urbano nin a calidade de vida dos veciños. Estes espazos deberán estar periodicamente sometidos a control e limpeza.”

Emenda nº18, ao apartado Dous bis, de Adición. Artigo 12

Engádese un novo apartado Dous bis ao artigo 12, que queda redactado como segue:

“Dous bis. Modifícase a letra d) da disposición transitoria terceira coa seguinte redacción:

“d) Que se manteñan o uso e a actividade autorizados orixinariamente, permitíndose, en todo caso, o cambio de uso a calquera dos regulados no artigo 40 desta lei.””

Emenda nº14, ao apartado Un quater, de Adición. Artigo 12

Engádese un novo apartado Un quater ao artigo 12, que queda redactado como segue:

“Un quater. Modifícase o número 4 do artigo 158, que queda redactado como segue:

“4. Son infraccións leves:

a) A execución de obras ou instalacións realizadas sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, cando sexan legalizables por seren conformes co ordenamento urbanístico.

b) O incumprimento das ordes de execución ou demolición.

c) A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter non esencial, en calquera dato ou documento que se achega ou consta na comunicación previa.

d) A realización de pintadas, grafitis, incisións ou outros actos que causen danos ou deterioracións ou menoscaben o ornato da vía pública, do mobiliario urbano, espazos publicitarios, ou dos paramentos exteriores das edificacións, construcións e instalacións, incluídos os muros e cerramentos de todo tipo, sempre que non teña o carácter de infracción grave.

Non será constitutiva de infracción a realización de murais e grafitis de valor artístico nos espazos públicos que excepcionalmente cedan os concellos a estes efectos, sempre que non prexudiquen o entorno urbano nin a calidade de vida

dos veciños. Estes espazos deberán estar periodicamente sometidos a control e limpeza.

e) As demais vulneracións do ordenamento urbanístico que non teñan o carácter de infraccións graves ou moi graves.””

Emenda nº16, ao apartado Un sexies, de Adición. Artigo 12

Engádese un novo apartado Un sexies ao artigo 12, que queda redactado como segue:

“Un sexies. Modifícase o número 1 do artigo 161 coa seguinte redacción:

“1. As infraccións urbanísticas serán sancionadas da seguinte forma:

a) As infraccións leves, con carácter xeral, con multa de 300 a 6.000 euros e, como mínimo, o 2 % do valor da obra, instalación ou actuación realizada, de ser o caso.

b) A infracción leve prevista na alínea d) do número 4 do artigo 158, con multa de 100 a 600 euros.

c) As infraccións graves, con carácter xeral, con multa de 6.001 a 60.000 euros e, como mínimo, o 20 % do valor da obra, terreos, exceso de edificación ou actuación realizada, de ser o caso.

d) A infracción grave prevista na alínea f) do número 3 de artigo 158, con multa de 601 a 6.000 euros.

e) As infraccións moi graves, con multa de 60.001 a 1.000.000 de euros e, como mínimo, o 30 % do valor das obras, terreos, edificacións ou actuacións realizadas, de ser o caso”.

Emenda nº17, ao apartado Un septies, de Adición. Artigo 12

Engádese un novo apartado Un septies ao artigo 12, co seguinte contido:

“Un septies. Engádese un novo artigo 162 bis coa seguinte redacción:

“Artigo 162 nis. Reposición da situación alterada ao seu estado orixinario en determinados casos

As responsabilidades administrativas que se deriven da comisión das infraccións previstas na alínea d) do número 4 do artigo 158, e na alínea f) do número 3 do artigo 158, entenderanse sen prexuízo e serán compatibles coa esixencia, polo órgano competente para a imposición da sanción, ao infractor ou ás persoas previstas no artigo 160.5 desta lei, da obriga de reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, incluíndo a limpeza das pintadas e grafitis.””

Emenda nº15, ao apartado Un quinquies, de Adición. Artigo 12

Engádese un novo apartado Un quinquies ao artigo 12, que queda redactado como segue:

“Un quinquies. Engádese un novo número 5 ao artigo 160, coa seguinte redacción:

“5. No caso das infraccións previstas na alínea f) do número 3 e na alínea d) do número 4 do artigo 158, serán sancionadas as persoas que resulten autoras materiais das condutas.

Estarán exentos de responsabilidade por estas infraccións os menores de catorce anos. No caso de que a infracción sexa cometida por un menor de catorce anos, a autoridade competente o poñerá en coñecemento do Ministerio Fiscal.

Cando sexa declarado autor dos feitos cometidos un menor de dezoito anos, un menor non emancipado ou unha persoa coa capacidade modificada xudicialmente, responderán, solidariamente con el, do pagamento das sancións pecuniarias que se lles impoñan, dos danos e prexuízos ocasionados de acordo co establecido no artigo 157.2, e da reposición ao seu estado orixinario da situación alterada pola infracción de acordo co establecido no artigo 162 bis, os seus pais, titores, curadores, acolledores ou gardadores legais o de feito, segundo proceda.””

Emenda nº19, ao apartado Tres, de Adición. Artigo 14

Engádese un novo apartado Tres ao artigo 14, que queda redactado como segue:

“Tres. As letras e) e f) do número 2 do artigo 61 quedan coa seguinte redacción:

“e) Deteriorar intencionadamente calquera elemento da estrada directamente relacionado coa ordenación, orientación, sinalización e seguridade da circulación, ou modificar as súas características ou situación, cando non se impida que o elemento do que se trate siga prestando a súa función. Entenderanse incluídas nesta infracción a realización de pintadas, grafitis ou incisións de calquera tipo.

f) Destruír, deteriorar, alterar ou modificar intencionadamente calquera obra ou instalación da estrada ou dos seus elementos funcionais, cando non se afecte á estrada ou ás beiravías. Entenderanse incluídas nesta infracción a realización de pintadas, grafitis, incisións ou calquera outros actos que causen danos, deterioren ou menoscaben o seu ornato.”

Emenda nº20, de Substitución. Artigo 17

Débase substituír a actual redacción do artigo 17 pola seguinte:

“Modifícase o número 3 do artigo 118 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que queda redactado como segue:

“3. Os graos I a IV de carreira profesional recoñecidos ao persoal estatutario retribuiranse mediante o complemento de carreira establecido para o correspondente grao e categoría.

O persoal fixo dunha categoría que pase a prestar servizos noutra, por promoción interna, manterá o dereito a percibir o complemento de carreira correspondente aos graos recoñecidos na categoría de orixe. No suposto de que se teñan recoñecidos graos retribuídos de diversas categorías (graos I a IV) percibirase o complemento de carreira correspondente a todos os graos recoñecidos, ata o límite de catro graos. Cando o/a profesional teña recoñecidos máis de catro graos, percibirá

o complemento de carreira correspondente aos catro graos de maior contía.

Este complemento percibirase en todo caso na situación de servizo activo na correspondente categoría ou durante o desempeño de postos ou cargos no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas no artigo 45 a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, fundacións sanitarias de natureza pública e sociedades públicas sanitarias con contido asistencial, ou nos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma relacionados na disposición adicional primeira, letra a), da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Tamén percibirán este complemento os liberados/as sindicais.

O persoal que se encontre na situación de servizos especiais polo desempeño de postos o cargos no ámbito delimitado no parágrafo anterior percibirá dentro das retribucións do posto ou cargo que desempeñe unha contía equivalente á correspondente ao complemento que lle sería aplicable de acordo con este precepto."

Emenda nº21, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 19

Modifícase o apartado Un do seguinte xeito:

Onde di: "1. Sen prexuízo do disposto no artigo no artigo 22.5 para as zonas de actuación prioritaria e urxente por existir unha situación obxectiva de grave risco para as persoas ou os bens nos casos de incumprimento por parte das persoas responsables das súas obrigas de xestión de biomasa vexetal, podéranse"

Debe dicir: "1. Sen prexuízo do disposto no artigo 22.5 para as zonas de actuación prioritaria e urxente por existir unha situación obxectiva de grave risco para as persoas ou os bens nos casos de incumprimento por parte das persoas responsables das súas obrigas de xestión de biomasa vexetal, poderanse"

Emenda nº22, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 19

Modifícase no apartado Un o número 2 do artigo 12 da Lei 3/2007, do 9 de abril , de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, da seguinte maneira:

Onde di: “... en marxes de pistas en e áreas cortalumes ...”

Debe dicir: “... en marxes de pistas e áreas cortalumes ...”

Emenda nº23, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 19

Modifícase no apartado Dous do artigo 19 o número 4 do artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, da seguinte maneira:

Onde di: “ 4. O ámbito do plan ou da súa renovación, pode ser todo o concello ou ilo desenvolvéndoo por zonas.”

Debe dicir: “4. O ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou irse desenvolvendo por zonas.”

Emenda nº28, ao apartado Oito, de Modificación. Artigo 19

Modifícase no apartado Oito do artigo 19 o número 5 do artigo 23 da Lei 3/2007, do 9 de abril , de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, da seguinte maneira:

Onde di: “5. As novas edificacións deberán presentar ante a Administración municipal un proxecto técnico ...”

Debe dicir: “5. Os promotores e promotoras de novas edificacións, deberán presentar ante a Administración municipal un proxecto técnico ...”

Emenda nº26, ao apartado Sete, de Modificación. Artigo 19



Modifícase no apartado Sete do artigo 19 o número 2 do artigo 21 ter da Lei 3/2007, do 9 de abril , de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, da seguinte maneira:

Onde di: “.... que se establece no apartado 1 deste artigo.”

Debe dicir: “.... que se establece no número 1 deste artigo.”

Emenda nº24, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 19

Modifícase no apartado Tres do artigo 19 o número 5 do artigo 18 da Lei 3/2007, do 9 de abril , de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, da seguinte maneira:

Onde di: “ En todo caso, a realización de puntos de auga, incluídos na Rede de puntos de auga, non requirirán título habilitante urbanístico e estará exenta do pago de taxas administrativas autonómicas.”

Debe dicir: “Sen prexuízo do disposto no artigo 11.4 do texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, a realización de puntos de auga, incluídos na Rede de puntos de auga, non requirirán título habilitante urbanístico e estará exenta do pago de taxas administrativas autonómicas.”

Emenda nº25, ao apartado Cinco, de Modificación. Artigo 19

Modifícase no apartado Cinco do artigo 19 a letra c) do artigo 20 bis da Lei 3/2007, do 9 de abril , de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, da seguinte maneira:

Onde di: “c) Nas instalación de produción de enerxía eléctrica eólica deberase xestionar a biomasa dentro da liña poligonal que circunscribe á instalación.
Nas liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, sen prexuízo do necesario respecto.....”

Debe dicir: “c) Nas instalación de produción de enerxía eléctrica eólica deberase xestionar a biomasa nunha faixa de

200 metros de diámetro ao redor da posición de cada aeroxerador instalado.

Nas liñas de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, sen prexuízo do necesario respecto.....”

Emenda nº27, ao apartado Sete bis, de Adición. Artigo 19

Engádese un apartado Sete bis ao artigo 19, co seguinte contido:

“Sete bis. Modifícase o número 3 do artigo 22 que queda redactado como segue:

“3. Cando non poida determinarse a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas ou resulte infrutuosa a notificación da comunicación á que se refire o número anterior, esta efectuarase mediante un anuncio no “Boletín Oficial do Estado” e no “Diario Oficial de Galicia”, no que se incluírán os datos catastrais da parcela. Nestes supostos o prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no “Boletín Oficial do Estado”.

A publicación no “Diario Oficial de Galicia” no suposto previsto no parágrafo anterior, non suporá custe algún para as entidades locais, sen que poida aplicarse ningunha taxa pola devandita publicación .”

Emenda nº29, ao apartado Dous, de Substitución. Artigo 20

Modifícase o apartado Dous do artigo 20, que queda redactado como segue:

“ Dous. Engádese un artigo 47 bis coa seguinte redacción:

“Artigo 47 bis. Proxectos de mobilización de terras

1. O Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a proposta da persoa titular da dirección xeral da dita axencia, poderá identificar e declarar zonas de actuación para a aplicación de proxectos de mobilización de terras, que virán definidas por un perímetro de actuación integral que poderá



conter terreos que non se integren no proxecto por estar xa en explotación.

2. Os proxectos de mobilización de terras estarán dirixidos á posta en valor e á recuperación produtiva de zonas maioritariamente abandonadas, cunha superficie igual ou superior a 10 hectáreas. Mediante proposta razoada da persoa titular da dirección xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderase establecer unha superficie inferior a 10 hectáreas, sen que, en ningún caso, a superficie poida ser inferior a 3 hectáreas.

3. En calquera caso os usos permitidos no proxecto de mobilización de terras serán coherentes coa clasificación de usos do solo de cada predio ao inicio do proxecto, podéndose, de ser o caso, proceder ao cambio de uso cando a normativa sectorial o permita.

4. A xestión destes proxectos a realizará a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, mediante a incorporación ao Banco de Terras das fincas incluídas no perímetro identificado e a súa inmediata cesión a empresas agrarias, asociacións de produtores ou explotacións individuais mediante a figura da cesión pactada de mutuo acordo entre a persoa titular do predio e a terceira persoa interesada na cesión recollida no artigo 18.2 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras. Nos casos particulares nos que formen parte do proxecto bosques situados sobre terreos comunais, o procedemento levarase a cabo do mesmo xeito pero sen mediar incorporación ao Banco de Terras de Galicia.

5. A incorporación de fincas aos proxectos terá carácter voluntario, se ben a persoa titular que non queira integrar nos mesmos as fincas da súa titularidade incluídas no perímetro identificado segundo o número 1, deberá mantelas en explotación consonte coas boas prácticas agroforestais. Se a persoa titular non pon en valor os predios consonte coas ditas prácticas no prazo que se lle outorgue para o efecto, iniciárase o procedemento establecido nos artigos 30 e seguintes, para os efectos de declarar o predio abandonado, acordar a súa integración no Banco de Terras de Galicia e incorporalo ao proxecto de mobilización de terras, nas mesmas condicións de incorporación que as restantes fincas que conforman o proxecto.

6. Os predios que, estando incluídos nos perímetros sinalados no número 1, se atopen en proceso de investigación da titularidade ou respecto dos que resulte imposible identificar á persoa propietaria, ou que pertencen pro indiviso a varias persoas entre as que non exista acordo sobre o destino que haxa que lle dar a estes, ou estean declarados como de propietario descoñecido, integraranse cautelarmente no

respectivo proxecto de mobilización de terras, respectando en todo caso os dereitos das persoas titulares.

7. A execución das obras necesarias para levar a cabo estes proxectos farase de acordo ao establecido no artigo 24.1, incluíndo os casos das áreas de bosque aos que se fai referencia no número 3, e non requirirán de título habilitante urbanístico.”

Emenda nº36, de Substitución. Artigo 21

Modifícase o apartado Dezaseis do artigo 21, que queda redactado como segue:

“Dezaseis. Engádese un número 4 ao artigo 122 coa seguinte redacción:

“4. As persoas titulares de parcelas forestais ou de dereito de uso das parcelas encravadas ou situadas entre fincas explotadas e xestionadas por unha sociedade de fomento forestal, quedan obrigadas a manter unha axeitada xestión forestal da súa propiedade, cando menos mediante a adhesión a un modelo silvícola que alcance un nivel de xestión silvícola equiparable ao da sociedade de fomento forestal. De acordo co artigo 28 da Lei 6/2011, de 13 de outubro, de mobilidade de terras, se o nivel de abandono da parcela é tal que supón un risco para os terreos colindantes da sociedade de fomento forestal, en canto á propagación de incendios forestais ou no relativo á sanidade vexetal, poderase iniciar un procedemento de declaración da parcela en situación de abandono. Esta declaración habilitará á Administración forestal para a execución subsidiaria das actuacións necesarias para a eliminación dos riscos sen prexuízo da súa repercusión ao titular da parcela ou ao titular do seu aproveitamento no seu caso.””

Emenda nº30, de Adición. Artigo 21

Engádese un novo apartado inicial ao artigo 21, pasando o actual Un a ser o apartado Un bis, que queda redactado como segue:



“Un. Engádese un novo número 39 o artigo 8 coa seguinte redacción:

“ 39. Silvicultor activo: persoas propietarias individuais, comunidades de montes, sociedades de propietarios forestais e xestores forestais (calquera que sexa a súa forma xurídica) que realicen operacións de coidado e de tratamento das masas forestais da súa titularidade ou dispoñibilidade individual ou colectiva, con criterios de xestión forestal sustentable.”

Emenda nº31, de Adición. Artigo 21

Engádese un apartado Catro bis ao artigo 21, co seguinte contido:

“Catro bis. Engádese un número 4 bis ao artigo 67 coa seguinte redacción:

“4 bis. Quedan prohibidas as novas plantacións co xénero Eucalyptus nos montes de utilidade pública e nos montes de xestión pública.””

Emenda nº35, de Adición. Artigo 21

Engádese un apartado Catorce bis ao artigo 21, co seguinte contido:

“Catorce bis. Engádese un nova letra i) ao número 2 do artigo 121 coa seguinte redacción:

“i) os silvicultores inscritos no Rexistro voluntario de silvicultores activos.””

Emenda nº37, de Adición. Artigo 21

Engádese un apartado Dezaseis bis ao artigo 21, co seguinte contido:

“Dezaseis bis. Modifícase a letra n) e engádese unha letra ñ) no número 1 do artigo 126, quedando coa seguinte redacción:



“n) Rexistro voluntario de silvicultores activos, ao que poderán acceder os silvicultores que cumpran os seguintes requisitos: que os terreos propios ou xestionados polo silvicultor dispoñan dun instrumento de ordenación ou xestión forestal aprobado ou estean adheridos a referentes de boas prácticas e modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos, que dispoñan de certificación forestal por algún dos sistemas recoñecidos, que poidan xustificar a propiedade ou a dispoñibilidade dos terreos e que acrediten que realizan unha actividade económica ligada á explotación do monte.
ñ) Calquera outro que se determine regulamentariamente.”

Emenda nº32, ao apartado Seis, de Substitución. Artigo 21

Modifícase o apartado Seis do artigo 21, que queda redactado como segue:

“Seis. O número 4 do artigo 68 bis queda redactado como segue:

“4. No suposto de distancias mínimas a vías de comunicación e cursos fluviais, a comunicación prevista neste artigo poderá formularse de maneira conxunta para todas as persoas responsables nun mesmo tramo que sexan descoñecidas ou respecto das cales se ignore o lugar de notificación, mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia no que se incluírá unha relación cos datos catastrais das parcelas afectadas. O prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no Boletín Oficial del Estado.”

Emenda nº33, ao apartado Trece, de Modificación. Artigo 21

Modifícase o apartado Trece do artigo 21, da seguinte maneira

Onde di: “... declaracións responsables, poderase regular mediante....”

Debe dicir: ““...declaracións responsables regulando mediante ...”

Emenda nº38, ao apartado Vinte, de Substitución. Artigo 21

Modifícase o apartado Vinte do artigo 21, que queda redactado como segue:

“Vinte. Modifícase o anexo II, que queda como segue:

“Anexo II

Distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais:

- a) Con parcelas forestais: 2 metros.
- b) Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria: 5 metros para especies de frondosas incluídas no anexo I e 10 metros para o resto.
- c) Con zonas dedicadas a labrantío, cultivo ou prados non clasificados de especial protección agropecuaria: 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I, e 10 metros no resto de especies.
- d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou ferrocarril: 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I, e 10 metros no resto de especies.
- e) Con pistas, asfaltadas ou non, de polo menos 5 metros de ancho e que contén con polo menos unha cuneta: 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I; no resto de especies, 4 metros en xeral, e 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco, a contar desde o límite exterior dos movementos de terra da obra de construción da mesma.
- f) Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica: 5 metros para todas as especies.
- g) Con canles fluviais de máis de 2 metros de ancho: 5 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I, e 15 metros no resto de especies, a contar desde o dominio público. Non será de aplicación en actuacións de recuperación ambiental.
- h) Con edificacións, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte ou fóra de solo urbano e de núcleo rural e con vivendas illadas en solo rústico independentemente da súa distancia ao monte: 15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I, e 50 metros no resto de especies.
- i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable: 2 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I, e 50 metros no resto de especies.



j) Con cámpings, gasoleiras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas con arranxo ao establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento: 15 metros para especies de frondosas do anexo 1, e 50 metros para o resto de especies.””

Emenda nº34, ao apartado Catorce, de Substitución. Artigo 21

Modifícase o apartado Catorce do artigo 21, que queda redactado como segue:

“Catorce. Modifícanse os números 7 e 8 do artigo 94 coa seguinte redacción:

“7. A presentación da declaración responsable habilita dende o momento de dita presentación para a realización do aproveitamento forestal obxecto daquela, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas a Administración forestal e as demais Administracións públicas competentes. Nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, regulamentariamente, a fin de garantir o exercicio destas facultades, o Consello da Xunta poderá establecer a obriga da presentación de declaracións responsables polas diferentes persoas físicas titulares de montes privados unicamente por medios electrónicos nos correspondentes formularios normalizados.

8. Nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, regulamentariamente o Consello da Xunta poderá establecer a obriga da presentación das comunicacións reguladas no número 5 deste artigo e das solicitudes de autorización unicamente por medios electrónicos, a través dos correspondentes formularios normalizados de uso obrigatorio polos interesados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.””

Emenda nº39, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 22

Modifícase o apartado Un do artigo 22, que queda redactado como segue:

“ Dous. Engádese un artigo 6 bis coa seguinte redacción:
“Artigo 6 bis. Silencio administrativo
Nas materias reguladas por esta lei, e sen prexuízo da obriga da administración de ditar resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas por silencio administrativo as súas peticións en materia de reestruturación parcelaria se, chegado o prazo máximo para a súa resolución, esta non se tivese ditado e notificado.””

Emenda nº41, ao apartado Dez, de Modificación. Artigo 22

Modifícase o apartado Dez do artigo 22, que queda redactado como segue:

“Dez .Engádese unha disposición transitoria oitava coa seguinte redacción:

“Disposición transitoria oitava. Vinculacións dos planeamentos aos acordos de reordenación parcelaria
Será de aplicación o establecido no último parágrafo do artigo 38 aos procedementos de concentración parcelaria que, a partir da entrada en vigor da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, acadaran a fase de acordo de concentración firme.””

Emenda nº40, ao apartado Nove, de Modificación. Artigo 22

Modifícase o apartado Nove do artigo 22, que queda redactado como segue:

“ Nove. Engádese unha disposición transitoria sétima coa seguinte redacción:

“Disposición transitoria sétima. Instrumentos de ordenación de predios

No caso de que o proceso de concentración parcelaria dunha zona tivera alcanzado a fase procedimental de acordo, a partir da entrada en vigor da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, e a dita zona non conte cun plan de aproveitamento de cultivos ou de ordenación de predios de especial vocación agraria, deberá dotarse dun

dos anteditos instrumentos de ordenación de predios no prazo dun ano a contar dende 1 de xaneiro de 2019.””

Emenda nº42, de Adición. Artigo 25

Engádesse un artigo 25 bis, co seguinte contido:

“ Artigo 25 bis. Modificación do Decreto 329/2005, do 28 de xullo , polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, queda modificado como segue:

Un. O número 1 da letra c) do número 2 do artigo 34 queda coa seguinte redacción:

“ 1. Subscribirase unha póliza de seguro de responsabilidade civil para a atención do servizo.”

Dous. A letra e) do número 4 do artigo 35 queda coa seguinte redacción:

“ e) O centro deberá subscribir una póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra los resgos da actividade.””

Emenda nº43, de Adición. Artigo 30

Dentro do CAPÍTULO IX engádesse un artigo 30 bis, co seguinte contido:

“ Artigo 30 bis. Modificación da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e social de Galicia
Modifícase o artigo 7 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e social de Galicia, coa seguinte redacción:

“Artigo 7. Composición e designación.

1. O consello componse dos trinta e sete membros seguintes:

a) Unha presidencia.

b) Doce membros designados polas organizacións sindicais que obtivesen a condición de máis representativas, en proporción á súa representatividade, de acordo coa Lei orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de liberdade sindical e co



Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

c) Doce membros designados polas organizacións empresariais que gocen de capacidade representativa, en proporción á súa representatividade, de acordo co Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

d) Doce membros coa seguinte distribución: catro representantes do sector agrario, dous do sector marítimo-pesqueiro (un da pesca de baixura e outro do marisqueo), un representante da economía social, dous representantes das persoas usuarias e consumidoras e tres representantes das universidades de Galicia.

O consello estará asistido por unha secretaría, que actuará con voz pero sen voto.

2. Os membros do consello indicados na letra d) anterior serán propostos, en cada caso, polos órganos e entidades que a continuación se indican:

a) Sector agrario: polas organizacións profesionais con maior implantación no sector en Galicia.

b) Sector marítimo-pesqueiro: pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

c) Economía social: polo Consello da Economía Social de Galicia

d) Persoas usuarias e consumidoras: polo Consello Galego de Consumo.

e) Universidades: un por cada Xunta de Goberno das da Coruña, Santiago e Vigo.

3. Nos supostos a que se refiren as letras b), c) e d) do número 1, designarase igual número de suplentes que membros titulares.

4. Cada membro do consello ten un voto persoal e unicamente delegable na persoa nomeada como suplente.””

Emenda nº44, ao apartado Un bis, de Adición. Artigo 37

Engádese un apartado Un bis ao artigo 37, co seguinte contido:

“ Un bis. A disposición transitoria cuarta queda coa seguinte redacción:

“Disposición transitoria cuarta. Planeamento municipal

1. O planeamento urbanístico vixente na actualidade deberá adaptarse ao disposto na presente lei cando se proceda a unha revisión do planeamento.



Así mesmo, procederá a adaptación cando concorran circunstancias obxectivas no concello afectado que o aconsellen, tales como a declaración de interese cultural no termo municipal cando resulte contraditoria co planeamento, a aprobación dun instrumento de ordenación territorial de ámbito territorial superior con incidencia no patrimonio ou a aprobación dunha declaración de carácter supranacional, e así o determine a persoa titular da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.

2. Sen prexuízo do sinalado anteriormente, os planeamentos urbanísticos adaptados á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, considéranse adaptados a esta lei, pero as intervencións autorizadas en función do nivel de protección dos bens serán as do artigo 42.

Para os efectos da habilitación conferida aos concellos no artigo 65 desta lei, no suposto da existencia de discrepancias entre estes planeamentos urbanísticos e as previsións dos artigos 41 e 42 desta lei, no propio convenio de colaboración que se asine para facer efectiva e concretar a habilitación, establecerase a táboa de equivalencias respecto aos niveis de protección dos bens.””

Emenda nº45, de Supresión. Disposición adicional primeira

Débase suprimir a Disposición adicional primeira

Emenda nº59, de Modificación. Disposición derradeira primeira

“Disposición derradeira primeira. Modificacións regulamentarias
As previsións do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, e do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, que son obxecto de modificación pola presente lei poderán ser modificadas por norma do rango regulamentario correspondente á norma na que figuran.”

Emenda nº57, de Supresión. Exposición de motivos

Suprímese o parágrafo cincuenta e sete da parte II da exposición de motivos

Emenda nº58, de Supresión. Exposición de motivos

Modifícase o parágrafo cincuenta e oito da parte II da exposición de motivos, da seguinte maneira:

Onde di: “ Así mesmo, recollese outra disposición adicional relativa ao estudo pola Xunta de Galicia dun sistema de carreira profesional para os funcionarios de xustiza.”

Debe dicir: “Por último, na súa parte final, a lei recolle unha disposición adicional relativa ao estudo pola Xunta de Galicia dun sistema de carreira profesional para os funcionarios de xustiza.”

Emenda nº46, de Substitución. Exposición de motivos

Modifícase o parágrafo doce da parte II da exposición de motivos, que queda redactado como segue:

“No primeiro dos capítulos, dedicado á materia de emprego público, se introducen modificacións na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. En concreto, en materia de órganos administrativos competentes, atribúese a función de propoñer ao Consello da Xunta os proxectos normativos referentes ao persoal funcionario suxeitos a un réxime singular ou especial, en exclusiva, á persoa titular da consellería sectorialmente competente, e, en relación coa competencia para a convocatoria e resolución dos concursos de provisión de postos de traballo, diferénciase segundo se trate de concursos ordinarios ou específicos. Tamén é necesario incorporar a Lei do emprego público as áreas funcionais que xa figuran actualmente nas Relación de postos de traballo. Por outra banda, respecto dos procesos que sexan obxecto de convocatoria independente para persoas con discapacidade, prevese que tales probas sexan de características similares ás que se realicen nas convocatorias ordinarias, sen prexuízo de

que, en todo caso, os contidos das probas deban axustarse á natureza do proceso. Así mesmo, recóllense medidas de protección das vítimas de violencia de xénero en relación cos procesos selectivos e as listas de contratación temporal. Incorporárase tamén outro precepto en relación cos representantes de persoal nas comisións de valoración nos concursos ordinarios.”

Emenda nº50, de Modificación. Exposición de motivos

Modifícase o parágrafo vinte e cinco da parte II da exposición de motivos, que quedará redactado como segue:

“Introdúcense así mesmo modificacións na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Por unha banda, se recolle un novo precepto regulador das modalidades de execución das actuacións no sistema de expropiación. Por outra banda, cómpre establecer na lexislación urbanística medidas sancionadoras que tutelen as condicións de ornato que deben reunir as edificacións, construcións e instalacións e contribúan a manter a estética do patrimonio edificado urbano e rural de Galicia. Inclúese tamén unha nova disposición adicional que inclúe un réxime excepcional aplicable aos edificios, ás construcións e ás instalacións afectados por situacións declaradas polo Consello de Ministros como zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil ou polo Consello de la Xunta de emerxencia de natureza catastrófica e por último, a modifícase unha disposición transitoria coa finalidade de recuperar o patrimonio construído e aproveitar e poñer en valor as edificacións existentes, evitando novas construcións.”

Emenda nº51, de Modificación. Exposición de motivos

Modifícase o parágrafo vinte e oito da parte II da exposición de motivos, da seguinte maneira:

“En materia de infraestruturas, no capítulo IV se contemplan modificacións da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Por unha banda, introdúcense cambios na delimitación da liña límite de edificación motivados polo feito de que nas



estradas pertencentes á rede local non se considera necesario separar as edificacións quince metros, sendo suficiente con sete (en coherencia coa realidade territorial galega e cunha rede viaria que a normativa prevé que se xerarquice segundo a súa funcionalidade) e en que os elementos funcionais da estrada, dadas as súas características funcionais, requiren unha protección menor que a propia estrada, o que fundamenta, respecto deles, a redución da liña. Ademais, a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, modificou o artigo 47.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, na súa totalidade, cando a modificación só debía afectar ao primeiro parágrafo do número 2 non ao segundo parágrafo que debía manterse tal e como estaba e que foi eliminado como consecuencia dun erro; erro que se procede a corrixir nesta lei. Finalmente, cómpre establecer na lexislación de infraestruturas, medidas sancionadoras que tutelen as condicións de ornato que deben reunir estes elementos funcionais e contribúan así a manter a estética das infraestruturas galegas.”

Emenda nº52, de Modificación. Exposición de motivos

Modifícase o parágrafo trinta e catro da parte II da exposición de motivos, da seguinte maneira:

Onde di: “... Ademais, se introduce un novo artigo na dita lei co fin de regular os proxectos de mobilidade de terras como mecanismo de mobilización e dinamización.”

Debe dicir; “... Ademais, se introduce un novo artigo na dita lei co fin de regular os proxectos de mobilización de terras como mecanismo de mobilización e dinamización.

Emenda nº54, de Modificación. Exposición de motivos

Modifícase o parágrafo corenta e nove da parte II da exposición de motivos, da seguinte maneira:

Onde di: “Por último, o capítulo IX contén un precepto relativo ...”

Debe dicir; “Tamén, o capítulo IX contén un precepto relativo”

Emenda nº56, de Modificación. Exposición de motivos

Modifícase o parágrafo cincuenta e dous da parte II da exposición de motivos, que queda redactado como segue:

“En materia de cultura se introducen tres modificacións na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Por un lado, continuando na liña de simplificación administrativa introducida pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresarias en Galicia, se modifica o artigo 45 daquela lei para prever que, no caso de cortas forestais que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados que non leven aparelado un cambio de uso e que, conforme á lexislación sectorial, estean suxeitas a autorización, a tutela dos valores obxecto de protección se realizará a través da esixencia de informe preceptivo da consellería competente en materia de cultura como trámite integrado no procedemento de autorización en materia forestal. Por outro lado, modifícase a disposición transitoria cuarta de xeito que regule o suposto da necesidade de adaptación do planeamento vixente á Lei 5/2016, do 4 de maio e, por outra banda, o réxime transitorio aplicable aos planeamentos adaptados á Lei 9/2002 (LOUGA) e á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Por último, se recolle na disposición transitoria quinta da Lei 5/2016, do 4 de maio, un novo límite temporal para que os concellos nos que concorran as circunstancias indicadas na dita disposición poidan exercer as competencias autorizatorias e adapten os seus plans especiais de protección, ao resultar insuficiente o prazo previsto na redacción inicial da disposición. ”

Emenda nº47, de Adición. Exposición de motivos

Engádese un novo parágrafo trece bis na parte II da exposición de motivos, co seguinte contido:

“ En relación coa regulación de servizos especiais inclúense novas situacións relativas aos titulares das subdelegacións do Goberno nas provincias ou das direccións insulares da Administración xeral do Estado, e aos cargos directivos nas

sociedades mercantís públicas autonómicas e nas fundacións públicas do sector público autonómico. ”

Emenda nº48, de Adición. Exposición de motivos

Engádese un novo parágrafo quince bis na parte II da exposición de motivos, co seguinte contido:

“ Tamén, engádese na lei unha disposición transitoria para regular o complemento persoal de funcionarización.”

Emenda nº49, de Adición. Exposición de motivos

Engádese un novo parágrafo vinte e catro bis na parte II da exposición de motivos, co seguinte contido:

“ Modifícase tamén a Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, permitindo exclusivamente para a caza do xabaril o emprego da modalidade de batida con un número mínimo de oito cazadores.”

Emenda nº53, de Adición. Exposición de motivos

Engádese un parágrafo trinta e cinco bis na parte II da exposición de motivos, co seguinte contido:

“Introdúcese nas definicións da lei a figura do silvicultor activo, que se incorpora tamén como obxecto prioritario das medidas de fomento; e, así mesmo, o rexistro voluntario de silvicultores activos pasa a formar parte do sistema rexistral forestal de Galicia.”

Emenda nº55, de Adición. Exposición de motivos



Engádese un novo parágrafo corenta e nove bis na parte II da exposición de motivos, co seguinte contido:

“Por último, no capítulo IX engádese un precepto para modificar a Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia e incluír na súa composición un representante da economía social, un representante das organizacións sindicais e un representante das organizacións empresariais e excluíndose do cómputo a persoa que exerce a secretaría.”

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/11/2018 18:30:05

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, presenta a seguinte corrección de erros sobre o documento 40427:

Na emenda número 7, onde se di “Deben engadirse ao final do apartado once do artigo 6 os seguintes cadros:” deben aparecer a continuación estes cadros:

“

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros		A1	Impartir as ensinanzas marítimo-pesqueiras nas súas distintas especialidades, tanto teóricas como prácticas.	Licenciatura ou grao nunha titulación de calquera rama e máster que habilite para o exercicio da profesión de profesor.
Escala de profesores de capacitación agraria		A1	Impartir as ensinanzas de capacitación e formación profesional agraria, nas diferentes modalidades docentes.	Licenciatura ou grao nunha titulación de calquera rama e máster que habilite para o exercicio da profesión de profesor.

”

Na emenda número 59 debe engadirse ao comezo:

“Modifícase a disposición derradeira primeira, que queda redactado como segue:”

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Pedro Puy Fraga na data 16/11/2018 18:55:30

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO EN MAREA
AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS (NUM.
EXPE. 10/PL-000011).**

Emenda nº1, ao apartado Un.Nove.1, de Substitución. Artigo 1

No punto 1. débese substituír a seguinte expresión:

Onde di: "6.000 euros"

Debe dicir: "10.000 euros"

Emenda nº2, ao apartado Un.Nove.2, de Substitución. Artigo 1

Débese substituír no punto 2 onde di:

"...a dedución regulada no número 1 poderá incrementarse nun 15% adicional cun límite de 9.000 euros"

por:

"...a dedución regulada no número 1 poderá incrementarse nun 15% adicional cun límite de 13.000 euros"

Emenda nº3, ao apartado Un.Nove.1.b) 4, de Substitución.
Artigo 1

No punto 1.b) 4 débese substituír a seguinte expresión:

"...durante os vinte catro meses seguintes..." por: "trinta e seis meses seguintes"

Emenda nº4, ao apartado Dous.Dez..2, de Substitución. Artigo 1

No apartado 2 débese substituír a seguinte expresión:

Onde di: "as deducións reguladas no número anterior, poderán incrementarse nun 15% adicional, cun límite de 35.000 euros cando, ademais de cumprirse os requisitos do devandito número, se dea unha das seguintes circunstancias"

Debe dicir: "as deducións reguladas no número anterior, poderán incrementarse nun 15% adicional, cun límite de 35.000 euros no caso da letra a) seguinte e cun límite de 45.000 euros no caso da letra b) deste apartado."

Emenda nº5, ao apartado Tres.Doce..1, de Substitución. Artigo 1

Débese substituír no apartado 1 a seguinte expresión:
Onde di: "25%" debe dicir: "30%"

Emenda nº6, ao apartado Catro.Dezasete.1º, de Adición. Artigo 1

Débese substituír no apartado 1ª o seguinte:
Onde di " Cando o/a contribuínte integrase na base imponible xeral o importe correspondente a unha subvención ou calquera outra axuda pública obtida da Comunidade Autónoma de Galicia das incluídas no Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, poderá aplicar unha dedución na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas."
Debe dicir : "...aplicarase unha dedución do 100% na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas."

Emenda nº7, ao apartado Catro.Dezasete.2º, de Supresión. Artigo 1

Débese suprimir no apartado 2º a seguinte expresión:
"en investimentos non empresariais"

Emenda nº8, ao apartado Catro.Dezasete.1º., de Supresión. Artigo 1

Débese suprimir o segundo parágrafo do apartado 1º que vai dende "O importe..." ata "...base liquidable.

"

Emenda nº9, ao apartado Catro.Dezasete.2º., de Substitución.
Artigo 1

Débese substituír o texto do segundo e terceiro parágrafo do
apartado 2º polo seguinte:

"En ningún caso a cantidade obxecto de dedución poderá ser
superior á diferenza entre o dano sufrido e as cantidades
recibidas por axudas ou coberturas de seguro. A dedución do
investimento dentro deste límite será do 100%. As deducións
ás que se refire este artigo producirán efectos a partir do 2018."

Emenda nº10, ao apartado Dous, de Substitución. Artigo 2

Débese substituír o texto do Apartado Dous. polo seguinte
texto:

"Dous. Redución por parentesco.

Nas adquisicións por causa de morte, incluídas as dos
beneficiarios de pólizas de seguros de vida, por razón do
parentesco co causante, aplicarase a redución que
corresponda das incluídas nos seguintes grupos:

- a) Grupo I: adquisicións por descendentes e adoptados
menores de 21 anos, 9.000.000 de euros.
 - b) Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21
anos ou máis, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 400.000
euros.
 - c) Grupo III: adquisicións por colaterais de segundo grao por
consanguinidade, 20.000 euros: resto de colaterais de segundo
grao, colaterais de terceiro grao, e ascendentes e
descendentes por afinidade: 10.000 euros.
 - d) Grupo IV: nas adquisicións por colaterais de cuarto grao,
graos máis distantes e estraños, non haberá lugar a redución."
-

Emenda nº11, de Supresión. Artigo 3

Débese suprimir a totalidade do artigo 3.

Emenda nº12, ao apartado Dous, de Substitución. Artigo 4

Débese substituír no apartado Dous o seguinte texto:
Onde di: "... será do 7%..." , debe dicir: "...será do 5%..."

Emenda nº13, ao apartado Dous.1, de Substitución. Artigo 4

Débese substituír no apartado 1 a seguinte expresión:
"...non exceda a cifra de 200.000 euros" debe dicir: "...non exceda a cifra de 250.000 euros"

Emenda nº14, ao apartado Tres, de Substitución. Artigo 4

Débese substituír no apartado tres a seguinte expresión:
Onde di: "...constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3%, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:"
Debe dicir: "...constituír a vivenda habitual do contribuínte estarán exentos sempre que este cumpra os requisitos seguintes:"

Emenda nº15, ao apartado Tres.4, de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir o apartado 4 do punto Tres.

Emenda nº16, ao apartado Catro, de Substitución. Artigo 4

Débese substituír a seguinte expresión no apartado Catro:
Onde di: "será do 3%"
Debe dicir: "será do 2%"

Emenda nº17, ao apartado Cinco, de Substitución. Artigo 4

Débese substituír a seguinte expresión no apartado Cinco:
Onde di: "será do 3%"

Debe dicir: "será do 2,5%"

Emenda nº18, ao apartado Cinco.1, de Substitución. Artigo 4

Débese substituír a seguinte expresión no punto 1.
Onde di: "...idade inferior a 36 anos."
Debe dicir: "...idade igual ou inferior a 36 anos."

Emenda nº19, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir a totalidade do punto 1.

Emenda nº20, ao apartado 2.Un.c), de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir o punto 2.Un.c)

Emenda nº21, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir o apartado Un

Emenda nº22, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir o apartado Dous

Emenda nº23, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir o apartado Tres

Emenda nº24, ao apartado Catro, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir o apartado Catro

Emenda nº25, ao apartado Cinco.5, de Adición. Artigo 6

Débese engadir ao remate do apartado Cinco.5 a seguinte expresión:

" e o permiso para chegar e incorporarse antes ao lugar de desenvolvemento dos procesos selectivos."

Emenda nº26, ao apartado Seis, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir o apartado Seis

Emenda nº27, ao apartado Dez, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir no apartado Dez a seguinte expresión:
"sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social,"

Emenda nº28, ao apartado Once, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir o apartado Once

Emenda nº29, ao apartado Doce, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir o apartado Doce

Emenda nº30, ao apartado Catorce, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir o apartado Catorce

Emenda nº31, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 8

Débese suprimir o apartado Dous

Emenda nº32, ao apartado Un, de Adición. Artigo 9

Débase engadir un novo apartado Un co seguinte texto:
"Un. Débase engadir no punto 2. do artigo 47 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, dous novo saptados co seguinte texto:

f) Os usuarios das comunidades veciñais de augas en lugares onde non exista alternativa públca de subministro.

g) Os usuarios de captacións propias naqueles lugares onde non exista alternativa pública de subministro."

Emenda nº33, ao apartado Un bis), de Modificación. Artigo 9

O apartado Un da Lei, pasará a ser:
Apartado Un.bis)

Emenda nº34, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 9

Débase suprimir o apartado Dous

Emenda nº35, ao apartado Tres.1, de Modificación. Artigo 9

Débase substituír o texto do punto 1. polo seguinte:
"1. Constitúe infracción tributaria repercutir incorrectamente o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración nas facturas ou nos recibos que emita a entidade subministradora ou prestadora do servizo de sumidoiros para documentar a contraprestación dos seus servizos cando desta repercusión incorrecta se produza ou se poida producir prexuízo económico para a facenda pública. "

Emenda nº36, ao apartado Tres.3, de Supresión. Artigo 9

Débase suprimir o punto 3

Emenda nº37, de Supresión. Artigo 10

Débase suprimir a totalidade do artigo.

Emenda nº38, ao apartado Tres bis), de Substitución. Artigo 11

Débase substituir o texto polo seguinte:

"Tres.bis) Igualmente cando as circunstancias económicas da sociedade o permitan por cumprir os obxectivos orzamentarios e as previsións do seu plan de viabilidade a persoa titular da consellería competente en materia de medio ambiente, previo informe favorable da consellería competente en materia de facenda, poderá reducir o canon unitario de tratamento por tonelada anual nunha porcentaxe que non exceda do 20 por cento da cantidade que en concepto de canon estea vixente no ano inmediatamente anterior.

A redución do canon no máximo permitido anterior aplicarase a aquelas entidades locais que certifiquen o compromiso coa redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de medidas que fomenten a recollida selectiva así como a aprobación do traslado da devandita redución ás persoas beneficiarias do servizo. Esta redución non se aplicará naqueles concellos que xustifiquen o déficit económico do servizo. Esta circunstancia acreditarase mediante unha certificación do órgano que corresponda da entidade local, que será emitido nos seis meses seguintes á publicación da aprobación da contía do canon reducido. No suposto de que no dito prazo a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (Sogama), non tivera recibido o referido certificado, continuarase aplicando o importe do canon cunha redución máxima do 10% con respecto ao ano inmediatamente anterior. A aprobación da contía do canon reducido publicarase no Diario Oficial de Galicia."

Emenda nº39, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 12

Débase suprimir o apartado Un.

Emenda nº40, ao apartado Dous, de Substitución. Artigo 12

Débase substituír o texto do apartado Dous polo seguinte:

"Aos efectos da presente lei, e sen prexuízo do necesario respecto á normativa sectorial estatal e autonómica que resulte aplicable, poderase autorizar a reconstrución, coas mesmas características volumétricas que tiñan os edificios, construcións e instalacións afectados por situacións declaradas polo Consello de Ministros como zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil ou polo Consello da Xunta de emerxencia de natureza catastrófica, que, no momento de produción de dita situación, estiveran sometidos ao réxime previsto nos artigos 40 e 90. Nestes casos, os edificios, construcións e instalacións realizados quedarán sometidos ao réxime dos artigos 40 e 90. Esta disposición será aplicable tanto respecto das situacións declaradas e daquelas nas que a declaración se efectúe despois da súa entrada en vigor."

Emenda nº41, de Supresión. Artigo 16

Débase suprimir a totalidade do artigo.

Emenda nº42, ao apartado 2.b), de Adición. Artigo 18

Débase engadir ao remate do apartado 2.b) a seguinte expresión:

"ou ben devolver o monte veciñal a CVMMC no mesmo estado no que lle foi entregado."

Emenda nº43, ao apartado Un.3, de Adición. Artigo 19

Débase engadir despois de: "...no que estea radicado" a seguinte expresión:

"así como a súa comunicación persoal ao titular, a resolución..."

Emenda nº44, ao apartado Tres.5, de Supresión. Artigo 19

Débase suprimir o apartado Tres.5

Emenda nº45, ao apartado Seis, de Supresión. Artigo 19

Débese suprimir o texto do apartado Seis.

Emenda nº46, ao apartado Sete.2, de Adición. Artigo 19

Débese engadir no segundo parágrafo do punto 2 o seguinte texto:

"A retirada de especies arbóreas sinaladas na disposición adicional terceira da lei será realizada polas persoas propietarias delas."

Emenda nº47, ao apartado Oito.3, de Substitución. Artigo 19

Débese substituir o texto do segundo parágrafo do punto 3 polo seguinte:

"A retirada de especies arbóreas sinaladas na disposición adicional terceira da lei realizarase polas persoas propietarias delas."

Emenda nº48, ao apartado Oito.6, de Substitución. Artigo 19

Débese substituír o texto do punto 6 polo seguinte:

"No caso de incumprimento da xestión da biomasa vexetal, corresponderalle á Consellería de Medio Rural a súa realización, acudindo á execución subsidiaria de acordo co establecido no artigo 22, sen prexuízo da instrución do correspondente expediente sancionador."

Emenda nº49, ao apartado Nove, de Supresión. Artigo 19

Débese suprimir o apartado Nove.

Emenda nº50, ao apartado Dez.3, de Substitución. Artigo 19

Débase substituír o texto do punto 3 polo seguinte:

“A vixilancia e detección de incendios forestais pode ser realizada por:

a) A rede de puntos de vixilancia, dependente dos servizos de defensa contra incendios forestais, que asegura en todo o territorio de Galicia as funcións de detección fixa de incendios forestais.

b) A Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia.

c) A rede de vixilancia móbil, dependente dos servizos de defensa contra incendios forestais.

d) Medios aéreos.

e) Medios das distintas administracións públicas que se establezan a través dos instrumentos de colaboración e cooperación institucional, as agrupacións de defensa contra incendios e o voluntariado social.

f) Calquera persoa que detecte un incendio forestal, que está obrigada a alertar de inmediato as entidades competentes.”

Emenda nº51, ao apartado Doce.7, de Adición. Artigo 19

Débase engadir un punto 7 co seguinte texto:

"7. Esta rede de vixilancia en ningún caso substituirá as existentes chamadas casetas de vixilancia, que en todo momento na época de máximo risco estarán operativas ao 100% durante as 24 horas do día e atendidas por persoal do SPDCIF."

Emenda nº52, ao apartado Dezaseis, de Supresión. Artigo 19

Débase suprimir este apartado.

Emenda nº53, de Supresión. Artigo 20

Débase suprimir a totalidade do artigo.

Emenda nº54, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 21

Débese suprimir o apartado Dous.

Emenda nº55, ao apartado Tres, de Substitución. Artigo 21

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "dous anos" debe dicir: "catro anos"

Emenda nº56, ao apartado Doce, de Substitución. Artigo 21

Débese substituír a seguinte expresión:
"O prazo máximo para a realización dun aproveitamento será de doce meses," debe dicir:
"O prazo máximo para a realización dun aproveitamento será de seis meses,"

Emenda nº57, ao apartado Catorce.8, de Substitución. Artigo 21

Débese substituír no punto 8 a seguinte expresión:
Onde di: "unicamente por vía telemática" debe dicir:
"preferentemente por vía telemática"

Emenda nº58, ao apartado Quince, de Supresión. Artigo 21

Débese suprimir o apartado Quince.

Emenda nº59, ao apartado Dezaseis, de Supresión. Artigo 21

Débese suprimir o apartado Dezaseis.

Emenda nº60, ao apartado Dezasete.1.a), de Modificación. Artigo 21

Débese substituír a seguinte expresión no punto 1.a)



Onde di: "O 31 de decembro de 2020..." debe dicir: "O 31 de decembro de 2021..."

Emenda nº61, ao apartado Dezaoitto, de Supresión. Artigo 21

Débese suprimir o apartado Dezaoitto.

Emenda nº62, ao apartado Vinte.c), de Substitución. Artigo 21

Débese substituir no punto c) a seguinte expresión:
Onde di: "2 metros..." debe dicir: "5 metros..."

Emenda nº63, ao apartado Vinte.e), de Supresión. Artigo 21

Débese suprimir no punto e) a seguinte expresión:
"...e seis metros nos concellos declarados como de alto risco"

Emenda nº64, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 24

Débese substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:
"1. Nos casos de sufrimento grave e irremediable ou afección grave para a vida do animal por incumprimento da normativa de benestar e protección animal, o órgano autonómico competente en materia de benestar animal poderá acordar mediante a oportuna resolución, a súa eutanasia in situ, ou o seu sacrificio en matadoiro. Esta actuación será sempre prescrita e efectuada por un profesional veterinario e con métodos humanitarios."

Emenda nº65, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 24

Débese substituír o texto do apartado 3 polo seguinte:
"3. Conforme ao artigo 17 da Lei 32/2007, de 7 de novembro, o órgano autonómico competente para resolver o expediente sancionador, poderá acordar como sanción accesoria no caso da comisión de infraccións graves e moi graves, o decomiso dos animais. Na resolución que se impoña como sanción

acesoria o decomiso deberá determinarse o destino definitivo do animal ou animais con suxección aos principios de benestar e protección animal. O destino será preferentemente o seu alleamento nos termos previstos no número 4 ou a súa cesión gratuita a entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades relacionadas co benestar e a protección animal, sempre que o estado físico e sanitario dos animais ou a súa actitude para o transporte o permita. Nos casos onde o estado dos animais impliquen un sufrimento grave e irremediable ou afección grave para a vida do animal, poderáse acordar cando proceda a eutanasia in situ ou o sacrificio en matadoiro. Esta actuación será sempre prescrita e efectuada por un profesional veterinario e con métodos humanitarios."

Emenda nº66, ao apartado 2.b), de Substitución. Artigo 25

Débese substituír o punto 2.b) polo seguinte texto:

"b) Ter suscrito un seguro ou garantía equivalente que cubra a responsabilidade civil derivada da súa actuación nos conflitos nos que interveña. Esta subscrición non será necesario de ser empregado ao servizo das administracións públicas."

Emenda nº67, ao apartado Un.3, de Substitución. Artigo 26

Débese substituír no segundo parágrafo do punto 3 a seguinte expresión:

Onde di: "...máxima de 6 meses" debe dicir: "máxima de 3 meses"

Emenda nº68, de Supresión. Artigo 28

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº69, ao apartado Un, de Adición. Artigo 31

Débese engadir un novo apartado Un co seguinte texto:

"Un. Artigo 12 Criterios orientadores

Artigo 12 Os criterios que inspirarán o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia serán os seguintes:

- a) Os recursos xeolóxicos deben ser usados de forma eficiente para satisfacer as necesidades da poboación e non os intereses das empresas, sendo a prevención, o control da demanda e o principio de precaución, prioritarios sobre a produción.
- b) A participación da sociedade na elaboración, deseño e execución da política mineira debe garantirse plenamente. Os recursos minerais son limitados e son patrimonio natural dos galegos e galegas, e calquera decisión estratéxica sobre eles debe de ser posterior a un profundo exercicio de participación democrática, nomeadamente das comunidades locais.
- c) Deben establecerse zonas de exclusión para as actividades mineiras declarándoas como áreas "non rexistrábeis"
- d) En calquera caso, a extracción de minerais debe ser compatible co respecto escrupuloso ao Medio Ambiente, e ao noso patrimonio cultural e etnográfico, nomeadamente ao Camiño de Santiago, como un dos patrimonios culturais, artísticos e históricos máis valiosos na historia de Galicia, e cos usos actuais do solo que se dan actualmente na economía local.
- e) Prohibir a extracción de minerais metálicos e outros elementos tecnolóxicos polo sistema de minaría a ceo aberto. O uso do cianuro debe prohibirse en todo caso, así coma o emprego de substancias perigosas ou metodoloxías que poidan poñer en risco a saúde ambiental e cidadá se non existen alternativas. A este respecto, as técnicas de "fracking" estarán prohibidas en todo o territorio galego, incluída na plataforma continental.
- f) A racionalización do emprego de recursos naturais.
- g) A promoción da investigación, o desenvolvemento e a innovación nas propiedades e aplicacións dos materiais, así como en nos procesos de produción, tratamento e aproveitamento de subprodutos.
- h) A busca dunha maior vinculación da minaría coa mellora da economía das zonas nas que se sitúen as explotacións e o fomento da creación de emprego.
- i) Todos os xacementos de minerais tecnolóxicos existentes no subsolo de Galicia, incluída a plataforma continental, deben considerarse estratéxicos para o país. A Xunta declarará ou instará á declaración destes xacementos como zonas de reserva, impedindo o seu aproveitamento especulativo por empresas privadas e incorporando sempre a participación pública. Naqueles casos excepcionais nos que se opte pola extracción sexa en beneficio do interese xeral tamén se incorporará a participación pública.
- j) Apoio á implantación de industrias que permitan o peche de todos os ciclos de transformación para a produción existente.

- k) O obxectivo prioritario é a contención da expansión en ocupación de superficie, e o aumento do valor engadido dos sectores existentes na actualidade.
- l) O carácter temporal da explotación mineira respecto á ordenación do territorio e os usos do solo.
- m) A identificación de zonas con potencial mineiro.
- n) A mellora da seguridade das explotacións mineiras e dos seus establecementos de beneficio."
-

Emenda nº70, ao apartado Un, de Substitución. Artigo 31

O apartado Un da Lei pasará a ser "Un.bis)"

Emenda nº71, ao apartado Un.2.a), de Substitución. Artigo 31

Débese substituír no punto 2.a) a seguinte expresión:
Onde di: "10%" debe dicir: "20%"

Emenda nº72, ao apartado Seis, de Supresión. Artigo 31

Débese suprimir o apartado

Emenda nº73, ao apartado Sete.1, de Substitución. Artigo 31

Débese substituír no punto 1 a seguinte expresión:
Onde di: "...multas coercitivas, reiterables" debe dicir: "multas coercitivas reiterativas mensuais, para o cumprimento..."

Emenda nº74, ao apartado Un, de Adición. Artigo 32

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:
"Un. Emenda de substitución do artigo 5. Criterios de planificación
1. A planificación do aproveitamento da enerxía eólica en Galiza realizarase atendendo aos seguintes criterios:

- a) Estimación do potencial eólico do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia sobre a base dos estudos xa realizados, o Atlas eólico realizado polo IDAE, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e os datos obtidos pola Administración autonómica a través do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).
 - b) Infraestrutura eléctrica necesaria para absorber a enerxía producida, planificada de xeito que incida favorablemente na estrutura de distribución eléctrica das áreas afectadas pola explotación dos recursos eólicos.
 - c) Integración con todos os ámbitos sectoriais afectados pola implantación de parques eólicos, con especial referencia á inserción no territorio das instalacións eólicas.
 - d) Impacto medioambiental
 - e) Repercusión sobre o tecido industrial de Galiza e o desenvolvemento socioeconómico e tecnolóxico.
 - f) Desenvolvemento harmónico dos proxectos de implantación de parques eólicos que permita una implantación das infraestruturas eléctricas e industriais.
 - g) Ampliación da superficie declarada actualmente como Rede Natura.
 - h) Zonas de exclusión paisaxísticas determinadas nas Directrices da Paisaxe e os Catálogos da Paisaxe.
 - i) Instrumentos de planificación e desenvolvemento económico e urbanístico locais e comarcais.
2. O resultado desta planificación plasmarase no Plan sectorial eólico de Galiza."
-

Emenda nº75, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 32

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

"Dous. Emenda ao artigo 6.2 que queda redactado como segue:

- a) Abrirase un procedemento de participación social para a elaboración do Plan. Durante un período mínimo de 6 meses, a Xunta de Galiza establecerá formas de consulta aberta con asociacións, propietarios de montes, veciñanza, colectivos ecoloxistas, culturais, sociais, e concellos para obter propostas conducentes á elaboración dun borrador de Plan.
- b) Unha vez elaborado dito borrador, abrirase un novo prazo de 6 meses para que todos os colectivos consultados e a cidadanía en xeral poida presentar alegacións.
- c) O Plan Sectorial Eólico de Galiza fundamentarase nos seguintes principios e obxectivos:
 - i. Conseguir un modelo respectuoso coa conservación dos valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais e que procure



- o máximo retorno social da explotación dos recursos, dando prioridade a proxectos de explotación públicos e cooperativas.
- ii. Fomentar a xeración distribuída e o autoconsumo evitando os grandes parques en lugares que supoñen graves impactos ambientais e paisaxísticos, ou a concentración de múltiples pequenos parques na mesma
 - iii. Nos novos proxectos de iniciativa privada e non dedicados ao autoconsumo, dar prioridade a aqueles que contemplan e faciliten a participación pública do INEGA no capital dos novos parques
 - iv. Establecer novas medidas fiscais e extrafiscais que faciliten o retorno social de parte dos beneficios producidos pola actividade modificando o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental
- d) Mentres non se aprobe o Plan Sectorial Eólico de Galiza estableceranse nun prazo de 2 meses:
- i. Zonas de exclusión ambiental naqueles lugares con probabilidade de formar parte da proposta de ampliación da Rede Natura necesaria para achegar a porcentaxe de superficie con esta cualificación ás medias europeas. A responsable da proposta destas zonas de exclusión de parques eólicos será a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e será aprobada no Parlamento de Galiza.
 - ii. Zonas de exclusión paisaxística. En previsión da aprobación das Directrices da Paisaxe, a Dirección Xeral de Sustentabilidade e Paisaxe fará unha proposta de zonas de exclusión por motivos paisaxísticos, nun prazo de 2 meses que deberá de ser aprobada no Parlamento de Galiza."

Emenda nº76, ao apartado Tres, de Adición. Artigo 32

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

"Tres. Emenda de substitución da Disposición transitoria segunda. Áreas de desenvolvemento eólico co seguinte texto:

1. En tanto non se modifique o Plan Sectorial Eólico de Galiza considéranse Áreas de Desenvolvemento as actuais agás as propostas de exclusión ambientais e paisaxísticas incorporadas na Disposición Adicional Quinta desta Lei."

Emenda nº77, de Supresión. Artigo 34

Débese suprimir a totalidade deste artigo.

Emenda nº78, ao apartado Tres.k), de Adición. Artigo 36

Débese engadir ao remate da letra k) a seguinte expresión:
"e todos aqueles tramos históricos non protexidos
actualmente."

Emenda nº79, ao apartado Catro.l), de Adición. Artigo 36

Débese engadir ao remate da letra l) a seguinte expresión:
"e outras tendentes á recuperación, protección e posta en
valor dos camiños e tramos históricos do Camiño de
Santiago."

Emenda nº80, ao apartado Nove, de Supresión. Artigo 36

Débese suprimir a seguinte expresión:
"Esta identificación poderá ser posterior á actuación cando o
axeitado desenvolvemento do labor inspector así o requira."

Emenda nº81, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 37

Débese suprimir a totalidade do apartado Un.

Emenda nº82, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 39

Débese suprimir no apartado 2 o seguinte texto:
"Por razóns de urxencia debidamente xustificadas no
expediente, poderá acordarse un prazo inferior.
Poderá prescindirse do trámite de consulta pública previa no
caso de normas orzamentarias ou organizativas da
Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou
das organizacións dependentes ou vinculadas a esta cando
concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen
ou cando a proposta normativa non teña impacto significativo
na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos

destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia. A concorrencia dalgunha ou dalgunhas destas razóns xustificárase debidamente no expediente."

Emenda nº83, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 39

Débese substituír no apartado 2 a seguinte expresión:
Onde di: "A consulta pública previa deberá realizarse... , non inferior a quince días naturais." debe dicir:
"A Consulta pública previa deberá realizarse..., non inferior a 90 días."

Emenda nº84, de Substitución. Artigo 40

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "será de dez meses" debe dicir: "será de seis meses"

Emenda nº85, de Supresión. Disposición adicional primeira

Débese suprimir esta Disposición.

Emenda nº86, de Supresión. Disposición adicional segunda

Débese suprimir esta Disposición.

Emenda nº87, de Adición. Disposición Adicional Terceira

Débese engadir unha Disposición Adicional Terceira co seguinte texto:

"Disposición adicional terceira. Moratoria para permisos de investigación e explotación para a redacción do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza baixo os principios da sustentabilidade.

Establecerase unha moratoria na concesión de permisos de investigación e explotación mineiros ata a redacción e aprobación do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza, despois dun amplo proceso de participación social, que

non conte só co sector empresarial mineiro senón coas organizacións agrarias, ecoloxistas, concellos e Parlamento de Galicia."

Emenda nº88, de Adición. Disposición Adicional Cuarta

Débase engadir unha nova Disposición Adicional Cuarta co seguinte texto:

"Disposición Adicional Cuarta. Autorízase á Consellería de Facenda a habilitar crédito axeitado e suficiente no exercicio 2019 e seguintes para atender as obrigas económicas que se deriven da participación da Xunta no consorcio ou entidade pública que poda constituírse para a xestión de terreos portuarios do Porto da Coruña, sen prexuízo da aplicación do previsto na Disposición Adicional Octava da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia."

Emenda nº89, de Adición. Disposición Adicional Quinta

Débase engadir unha nova Disposición co seguinte texto:

"Disposición adicional quinta, sobre a elaboración dun novo Plan Sectorial Eólico de Galiza baixo os principios da sustentabilidade e dun modelo social de explotación dos recursos naturais.

1) Nun prazo de 12 meses a Xunta de Galicia elaborará a través dun procedemento amplo de participación social un novo Plan Sectorial Eólico de Galicia.

2) Namentras non se aprobe o Plan Sectorial Eólico de Galicia estableceranse nun prazo de 2 meses:

a) Zonas de exclusión ambientais en zonas con probabilidade de formar parte da proposta de ampliación de Rede Natura, que serán cando menos a franxa paralela de dous kilómetros á liña que delimita a superficie de Rede Natura 2000. A responsable da propostas destas zonas de exclusión de parques eólicos será a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e será aprobada no Parlamento de Galiza.

3) A Dirección Xeral de Sostenibilidade e Paisaxe fará unha proposta de zonas de exclusión por motivos paisaxísticos, nun prazo de 2 meses que deberá de ser aprobada no Parlamento de Galiza."

Emenda nº90, de Substitución. Disposición transitoria segunda

Débese substituír polo seguinte texto:

"O prazo de seis meses para a resolución dos concursos de dereitos mineiros previsto na nova redacción dada por esta lei ao número 4 do artigo 36 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, non será aplicable aos concursos que se atopen en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei, e rexeranse pola normativa anterior."

Emenda nº91, ao apartado 1, de Adición. Disposición derogatoria única

Débese engadir no apartado 1 o seguinte texto:

"l) A Lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais."

Emenda nº92, de Adición. Disposición derogatoria primeira

Débese engadir unha Disposición derogatoria primeira co seguinte texto:

"Derrogase a Lei 1/2012, de 29 de febreiro de medidas temporais en determinadas materias do emprego público na Comunidade Autónoma de Galicia."

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 16/11/2018 15:26:29

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS
E ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 10/PL-000011).**

Emenda nº1, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo punto 4 bis, que terá o seguinte contido:

"4 bis. Dedución por adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual

Os contribuíntes poderán deducirse o 3 % das cantidades satisfeitas pola adquisición ou rehabilitación dunha vivenda nova que estea situada no territorio da comunidade autónoma de Galicia, que constitúa ou vaia constituír a vivenda habitual do contribuínte, sempre que teña a súa residencia habitual en Galicia e que a súa base imponible total non supere a contía de 18.000 euros en tributación individual ou 22.000 euros en tributación conxunta. A base máxima desta dedución virá constituída polo importe anual establecido como límite para a dedución de vivenda habitual contemplada pola normativa vixente. Tal porcentaxe de dedución será do 5 % se a adquisición ou rehabilitación prodúcese en calquera concello con poboación de menos de 5.000 habitantes".

Emenda nº2, ao apartado 4 ter), de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo punto 4 ter, que terá o seguinte contido:

"4 ter. Dedución para familias monomarentais ou monoparentais e, no seu caso, con ascendentes maiores de 75 anos.

As persoas contribuíntes que sexan nais ou pais de familia monomarentais ou monoparentais na data de devindicación do imposto, terán dereito a aplicar na cota íntegra autonómica



unha dedución de 400 euros. A dedución incrementarase adicionalmente en 200 euros por cada ascendente maior de 75 anos que xere o dereito á aplicación do mínimo por ascendentes. Cando varias persoas contribuíntes teñan dereito á aplicación da dedución prevista no parágrafo anterior, estarase ás normas de prorrateo, convivencia e demais límites previstos na normativa estatal do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

A suma das bases impositibles xeral e de aforro non debe superar os 40.000 euros en tributación individual ou os 65.000 euros en caso de tributación conxunta.

Terán a consideración de familia monomarental ou monoparental a formada pola nai ou pai e todos os fillos e fillas que convivan con un ou outro e que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- Fillos ou fillas menores de idade, con excepción dos que, co consentimento dos pais ou nais, vivan independentes destes.
- Fillos ou fillas maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada."

Emenda nº3, ao apartado 4 quater), de Adición. Artigo 1

Débase engadir un novo punto 4 quater, que terá o seguinte contido:

"4 quater. Tipo de gravame autonómico no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

"Modifícase a táboa correspondente ao artigo 4 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que pasará a ser:



Base liquidable – ata euros	Cota íntegra - Euros	Resto base liquidable – ata euros	Tipo aplicable- Porcentaxe
0	0	12.450,00	9,50 %
12.450,00	1.182,75	7.750,00	11,75 %
20.200,00	2.093,38	7.500,00	15,50 %
27.700,00	3.255,88	7.500,00	17,00 %
35.200,00	4.530,88	12.400,00	18,50 %
47.600,00	6.824,88	12.400,00	21,00%
60.000,00	9.428,88	40.000,00	23,50 %
100.000,00	18.828,88	En diante	25,00 %

Emenda nº4, ao apartado Un.Nove 4, de Modificación. Artigo 1

Débase modificar a frase que figura ao final do epígrafe Un. Nove. Punto 4. onde di: "... se manteña durante un período adicional doutros **vinte e catro meses.**" Debe dicir: "... se manteña durante un período adicional doutros **trinta e seis meses.**"

Emenda nº5, de Supresión. Artigo 3

Débase suprimir

Emenda nº6, de Adición. Artigo 3

Débase engadir un novo artigo 3 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 3 bis. Mínimo exento no imposto sobre patrimonio.

Modifícase o artigo 13 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que quedará redactado do seguinte xeito:

O mínimo exento sobre o patrimonio establécese en 400.000 euros, excluindo da devandita contía a cantidade máxima de ata 400.000 euros correspondente á vivenda habitual."

Emenda nº7, de Adición. Artigo 4

Débese engadir un novo artigo 4 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 3 bis. "Tarifas do Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada."

Modifícase o artigo 11 da Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, o aumento da recadación producida queda afecto á conservación, reparación e restauración medio ambiental e en especial á cuestión á cuestión relativa á eliminación de residuos.

3. O aumento producido neste imposto non poderá ser trasladado ás persoas consumidoras."

Emenda nº8, de Adición. Artigo 4

Débese engadir un novo artigo 4 ter, que terá o seguinte contido:

"Artigo 3 ter. Tarifas sobre o imposto sobre a contaminación atmosférica.



1. Modifícase o artigo 12 da Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica, na súa táboa de tarifas, que será substituída do seguinte xeito:

Onde di:	Debe substituírse por:
0	0
36	54
50	75
70	105
95	142
120	180
150	225
200	300

2. De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica, o aumento da recadación producida queda afecto á conservación, reparación e restauración medio ambiental e en especial á cuestión relativa a eliminación de residuos.

3. O aumento producido neste imposto non poderá ser trasladado ás persoas consumidoras."

Emenda nº9, de Adición. Artigo 5

Débase engadir unha epígrafe Vinte e sete bis, no punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"Vinte e sete bis. Engádese un novo apartado no artigo 40.2 a) bis:

Estarán exentos da tarifa 02, contida no anexo 5, as corporacións públicas ou entidades sen ánimo de lucro que, nos terreos da zona de servizo portuaria que non reúnan as características naturais de bens de dominio público marítimo-terrestre definidos no artigo 3 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, queiran realizar outros usos non estritamente portuarios, tales como actividades culturais, recreativas, certames feirais, exposicións e outras actividades comerciais e industriais non portuarias, sempre e cando non leve consigo unha utilidade económica ou, aínda existindo a dita utilidade, a utilización ou o aproveitamento entrañe as condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela, sempre que resulten compatibles cos usos antes definidos e que non se prexudique globalmente o

desenvolvemento futuro do porto e das operacións de tráfico portuario."

Emenda nº10, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir a epígrafe Un.

Emenda nº11, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir a epígrafe Dous deste artigo.

Emenda nº12, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir a epígrafe Tres deste artigo.

Emenda nº13, ao apartado Seis, de Modificación. Artigo 6

Proponse unha nova redacción para a epígrafe Seis, que terá o seguinte contido:

"Seis. A modificación da letra b) do artigo 77 terá a seguinte redacción: "b) O persoal funcionario e laboral de cada corpo ou escala terá atribuída unha categoría profesional e un grao dentro dela, que para o persoal de novo ingreso será necesariamente a categoría inicial e o grao inferior desta."

Emenda nº14, ao apartado Seis bis), de Adición. Artigo 6

Débese engadir unha nova epígrafe Seis bis, que terá o seguinte contido:

O punto 3 do artigo 96 terá a seguinte redacción:

3. Regulamentariamente, previa negociación coas organizacións sindicais, establecerase o procedemento que regule as comisións de servizo. En todo caso, deberá

garantirse o cumprimento dos principios de publicidade, concorrencia e igualdade, así como a selección sobre a base de criterios obxectivos."

Emenda nº15, ao apartado Dez, de Modificación. Artigo 6

Proponse unha modificación para a epígrafe Dez deste artigo, onde di: "... das retribucións **fixas** do mes do inicio da ...", debe dicir: "... das retribucións do mes do inicio da ..."

Emenda nº16, ao apartado Trece, de Modificación. Artigo 6

Proponse un novo texto para a epígrafe Trece deste artigo, que terá o seguinte contido:

"Trece. Introdúcese unha disposición adicional décimo cuarta, coa seguinte redacción:

"Durante o primeiro semestre de 2019, desenvolverase regulamentariamente o réxime aplicable á segunda actividade deste persoal, previa negociación coas organizacións sindicais."

Emenda nº17, ao apartado Catorce, de Modificación. Artigo 6

Proponse unha nova redacción para a epígrafe Catorce deste artigo que terá o seguinte contido:

"Engádeselle un número 4 á disposición transitoria oitava, coa seguinte redacción:

"4. Sen prexuízo do establecido no número 3 desta disposición e en tanto non se implante o sistema de carreira profesional establecido no artigo 77, poderase establecer un sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, de carácter voluntario e individual, complementario ao do grao persoal previsto nesta disposición, que suporá una retribución adicional segundo o grupo ou subgrupo ou categoría profesional de pertenza.



Esta retribución adicional percibirase en todo caso na situación de servizo activo no correspondente corpo, escala ou categoría, ou durante o desempeño de postos ou cargos no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas no artigo 45 a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ou nos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma relacionados na disposición adicional primeira, letra a), da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Tamén percibirán este complemento os liberados/as sindicais.

O persoal empregado público que se encontre na situación de servizos especiais polo desempeño de postos ou cargos no ámbito delimitado no parágrafo anterior percibirá dentro das retribucións do posto ou cargo que desempeñe unha contía equivalente á correspondente á retribución adicional que lle sería aplicable de acordo con esta disposición.

Cando se implante o sistema de carreira profesional previsto no artigo 77 se terá en conta o desenvolvemento profesional acadado e consolidado de acordo co establecido na presente disposición."

Emenda nº18, ao apartado Catorce bis), de Adición. Artigo 6

Débase engadir unha nova epígrafe Catorce bis, que terá o seguinte contido:

"Introdúcese unha disposición adicional décimo quinta coa seguinte redacción:

“Disposición adicional décimo catorce – bis.- Escalas de seguridade e saúde laboral e de orientación profesional.

Durante o ano 2019 constituiranse as necesarias mesas de traballo e de negociación para a articulación das novas escalas de seguridade e saúde laboral (grupo B) e de orientación profesional (subgrupos A1 e A2)."

Emenda nº19, ao apartado Catorce ter), de Adición. Artigo 6

Débese engadir unha nova epígrafe Catorce ter, que terá o seguinte contido:

Introdúcese unha disposición adicional décimo sexta coa seguinte redacción:

“Disposición adicional décimo catorce ter. Aplicación de medidas en materia de conciliación e xornada de traballo para a mellora do emprego público.

A partir do 1 de xaneiro de 2019, a Xunta de Galicia dará efectiva aplicación ás medidas que en materia de xornadas ordinaria e especiais de traballo, bolsa de horas de libre disposición para necesidades de conciliación e xornada continua para o coidado de fillos menores de 12 anos ou discapacitados, establece o II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo, asinado o 9 de marzo de 2018 entre o Goberno de España e as organización sindicais.”

Emenda nº20, ao apartado Catorce quater), de Adición. Artigo 6

Débese engadir unha nova epígrafe Catorce quater, que terá o seguinte contido:

“Catorce quater. Introdúcese unha nova disposición adicional décimo sétima coa seguinte redacción:

“Disposición adicional décimo catorce quater.- Mellora de emprego do persoal funcionario de carreira.
Durante o primeiro semestre de 2019 constituirase a necesaria mesa de traballo e de negociación que permita articular un sistema de nomeamentos provisionais para mellora de emprego do persoal funcionario de carreira.

Este sistema permitirá que o persoal funcionario de carreira que reúna os requisitos de titulación poida desempeñar, nos supostos previstos no artigo 23.2 da presente lei, un posto de traballo non ocupado adscrito a un corpo, agrupación profesional funcional ou escala de distinta clasificación profesional ao de pertenza, mediante nomeamento provisional de mellora de emprego, producíndose o cesamento neste posto nos supostos establecidos no artigo 24.2.

Durante o desempeño de un posto mediante nomeamento provisional por mellora de emprego, reservarase ao funcionario ou funcionaria o seu posto de orixe, considerándose como servizo activo no corpo, agrupación ou escala ao que pertenza."

Emenda nº21, ao apartado Catorce quinquies), de Supresión. Artigo 6

Débese engadir unha nova epígrafe Catorce quintus, que terá o seguinte contido:

"Catorce quintus. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 99. 1 coa seguinte redacción:

“Poden autorizarse permutas de postos de traballo entre persoal funcionario e laboral da mesma Administración pública ou de entidades instrumentais dependentes desta, sempre que concorran as seguintes circunstancias:”

Emenda nº22, ao apartado Catorce sexies), de Adición. Artigo 6

Débese engadir unha nova apígrafe Catorce sextus, que terá o seguinte contido:

"Catorce sextus. Nova disposición adicional décimo oitava:

“Disposición adicional décimo quintus.- Permiso de paternidade

Será de aplicación ao persoal do Sector público autonómico de Galicia o establecido no Acordo do 29 de outubro de 2018 da Administración xeral do Estado para a ampliación do permiso de paternidade a dezaseis semanas, coa progresividade prevista nel para os anos 2019, 2020 e 2021."

Emenda nº23, ao apartado 1.e), de Adición. Artigo 7



Débese engadir *in fine*, na epígrafe Un, punto 1, letra e) o seguinte texto: "... e dos que se dará conta trimestralmente ao Parlamento de Galicia."

Emenda nº24, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir a epígrafe Dous deste artigo.

Emenda nº25, ao apartado Seis, de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir a epígrafe Seis deste artigo.

Emenda nº26, ao apartado Sete, de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir a epígrafe Sete deste artigo.

Emenda nº27, ao apartado Un bis), de Adición. Artigo 7

Débese engadir unha nova epígrafe Un bis, que terá o seguinte contido:

"O texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, queda modificado como segue:

Un bis. Oficina de control orzamentario no Parlamento de Galicia.

I. As oficinas orzamentarias definidas no punto anterior, deberán estar coordinadas e facilitar información á Oficina de Control Orzamentario que se crea e queda adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia, a cal goza de autonomía administrativa e terá plena capacidade para desenvolver as súas funcións, con independencia e obxectividade.

II. Son funcións da Oficina de Control Orzamentario:

a) Efectuar o seguimento e control da execución orzamentaria da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no atinxe aos seus distintos estados de ingresos como de gastos, así como do



seu endebedamento, e que afecten tanto aos propios departamentos ou consellerías da Xunta de Galicia como sobre calquera entidade ou sociedade que pertencen ao sector público autonómico.

b) Asesorar aos deputados e deputadas e aos grupos parlamentarios das cuestións relacionadas cos orzamentos, así como facilitarlles a documentación orzamentaria ou financeira precisa relacionada cas diversas iniciativas parlamentarias que se formulen.

III. A Xunta de Galicia, a través da consellaría competente en materia orzamentaria, facilitará en todo momento e puntualmente vía informática á Oficina Galega de Control Orzamentario a información necesaria relativa a súa execución orzamentaria, por medio da conexión en relación cos programas contables ou orzamentarios utilizados.

Ademais a Xunta de Galicia deberá remitirle a seguinte información, publicados en papel e en formato dixital, e cun grado de concreción e desagregación suficientes para a súa análise e control, coa periodicidade que se indica:

a) Con carácter mensual un informe sobre o grado de cumprimento orzamentario do exercicio en curso, así como das modificacións introducidas, que deberá ser remitido no prazo máximo de 30 días ao remate do período en cuestión.

b) Con carácter mensual un informe sobre a evolución dos proxectos de investimento e do seu financiamento específico, que deberá ser presentada no prazo máximo de 30 días ao remate do período en cuestión.

c) Con carácter anual un informe sobre a liquidación orzamentaria, que deberá ser presentado no prazo máximo de 90 días ao remate do exercicio anual en cuestión.

IV. Os ditos informes comprenderán igualmente a necesaria información de carácter contable e económico referida ao conxunto do sector público autonómico, incluíndo ás sociedades públicas mercantís, aos entes de dereito público, ás fundacións ou calquera outra entidade con presenza maioritaria da Xunta de Galicia.

V. A Oficina de Control Orzamentario, cá información recollida, e con independencia doutras tarefas que puidese realizar, elaborará os seus propios informes, que serán remitidos para o seu coñecemento e valoración a todos os grupos parlamentarios. Os ditos informes serán publicados puntualmente na páxina web do Parlamento de Galicia.

VI. Ademais do regulado no artigo anterior, a Oficina de Control Orzamentario poderá demandar canta información orzamentaria precise, así como solicitar as explicacións por parte da Xunta de Galicia que considere necesarias para o cumprimento dos seus fins. Igualmente poderá encargar

aqueles informes externos ou de asesoría que considere necesarios.

VII. A Oficina Galega de Control Orzamentario poderá, a petición expresa dos grupos parlamentarios ou da Mesa do Parlamento, completar os informes económicos e orzamentarios que acompañen as diversas iniciativas legislativas do Goberno, informar sobre as iniciativas legislativas presentadas polos grupos parlamentarios, e resolver as consultas que se lle formulen sobre as cuestións de carácter económico ou orzamentario nas diversas cuestións parlamentarias que se susciten no pleno da Cámara."

Emenda nº28, ao apartado Tres bis), de Adición. Artigo 11

Na epígrafe Tres bis, primeiro parágrafo, débese engadir *ab initio* o seguinte texto:

"Tres bis. A persoa titular da consellaría competente en materia de Medio Ambiente, previo informe da consellería competente en materia de Facenda, reducirá para o ano 2019 o canon unitario de tratamento por tonelada anual nunha porcentaxe mínima non inferior ao 10 %, podendo tal porcentaxe incrementarse ata o 20 %, e igualmente cara ao futuro, cando as circunstancias"

Emenda nº29, ao apartado Tres bis), de Modificación. Artigo 11

Proponse un novo texto para o segundo parágrafo da epígrafe Tres bis, que terá o seguinte contido:

"A consellaría competente en materia de medio ambiente levará a cabo as actuacións necesarias cos concellos para fomentar as medidas necesarias que promovan a recollida selectiva, así como a aprobación do traslado das devanditas reducións ás persoas beneficiarias do servizo, dándolle traslado de tal información á empresa pública Sogama".

Emenda nº30, ao apartado Tres bis), de Modificación. Artigo 11

Propónse un novo texto para o terceiro parágrafo da epígrafe Tres bis, quedará redactado como segue:

"A aprobación da contía do canon reducido publicárase no Diario Oficial de Galicia."

Emenda nº31, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 12

Debe suprimirse.

Emenda nº32, de Supresión. Artigo 15

Debe suprimirse.

Emenda nº33, ao apartado 1, de Adición. Artigo 16

Débase engadir un novo texto *ab initio* no punto 1 deste artigo, que terá o seguinte contido:

O número de vocais do Consello Reitor queda establecido como segue:

1.- O Consello de Administración estará formado polos seguintes membros:

- a) O presidente do ente público.
- b) O director do ente público.
- c) Sete vocais en representación da Administración autonómica.
- d) Sete vocais en representación dos sectores económicos relacionados coas actividades portuarias.
- e) Tres vocais das organizacións sindicais máis representativas do sector.
- f) Cinco vocais en representación das administracións locais.
- g) Un vocal en representación do persoal do ente público.
- h) Un secretario.

2. Os vocais representantes da Administración autonómica serán os seguintes:

-Dous en representación da consellería en materia de pesca, marisqueo e acuicultura.

- Dous en representación da consellería en materia de política territorial e urbanismo, un dos cales será unha persoa de recoñecida experiencia en materia urbanística.

- Un en representación da consellería en materia de turismo.
- Un en representación da consellería en materia de Administración Pública.
- Un en representación da consellería en materia de facenda.
- Un en representación da consellería en materia de economía, industria e comercio

Estes vocais serán nomeados polo Consello de Xunta de Galicia, por proposta dos respectivos conselleiros.

3. Os vocais representantes dos sectores económicos relacionados coas actividades portuarias serán os seguintes:

- Tres vocais en representación das confrarías de pescadores ou asociacións de produtores, un por cada provincia costeira.
- Tres vocais en representación das cámaras de comercio de Galicia. Estes vocais desenvolverán a súa actividade nos portos da Comunidade Autónoma: un na provincia de Lugo, un na da Coruña e un na de Pontevedra; representando os seguintes sectores:

* Un ás asociacións de exportadores e vendedores.

* Un ós consignatarios.

* Un ós restantes sectores relacionados coas actividades portuarias, tales como produtores de mexillón, conserveiros, industriais do frío e armadores.

-Un vocal en representación das federacións e clubs náutico-deportivos galegos.

-Tres vocais en representación dos sindicatos máis representativos no sector.

Estes vocais serán nomeados polo Consello da Xunta de Galicia por proposta do presidente do ente público da seguinte forma:

-Cada unha das federacións provinciais de confrarías de pescadores e asociacións de produtores proporánlle ó presidente un máximo de dous vocais. Naquelas provincias en que non exista federación provincial, os vocais proporánse por acordo maioritario entre as confrarías correspondentes.

-Cada unha das cámaras de comercio das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra proporánlle ó presidente polo menos un vocal, ou ben unha terna na que figure un representante de cada un dos indicados na anterior alínea 4.

-As federacións e clubs náutico-deportivos galegos poderán proporlle cadanseu vocal.

-As tres organizacións sindicais máis representativas poderán proporlle cadanseu vocal.

4. Os vocais representantes das administracións locais serán nomeados polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta do presidente do ente público e corresponderá a provincias costeiras, debendo estar representadas todas elas.



A proposta ó presidente efectuarase mediante acordo adoptado por maioría simple entre os concellos que teñan no seu territorio algún porto integrado no ente público, propondo un vocal ou unha terna de vocais o conxunto dos concellos pertencentes a cada unha das provincias costeiras. Os dous restantes serán propostos pola Fegamp. O vogalrepresentante do persoal formará parte del e será nomeado polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta do presidente do ente público de entre a terna proposta polo órgano ou órganos representantes do persoal."

Emenda nº34, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 16

Proponse un novo texto para o punto 1 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"1. Será de aplicación o artigo 10, 11 e 13.2 do Regulamento de Portos de Galicia, aprobado polo Decreto 227/1995, do 20 de xullo, a excepción do recollido ao respecto da composición, que será o recollido no artigo 16.I desta lei. O nomeamento dos vocais será realizado pola persoa titular da consellaría competente en materia de portos, conforme dispón o devandito artigo 13.2."

Emenda nº35, de Supresión. Artigo 31

Debe suprimirse.

Emenda nº36, de Supresión. Artigo 32

Debe suprimirse.

Emenda nº37, de Adición. Artigo 34

Neste artigo, parágrafo Artigo 42.1, despois de: "... nas áreas de innovación, ..., débense engadir as seguintes palabras: "... vertebración territorial, ..."

Emenda nº38, ao apartado 2.a), de Modificación. Artigo 34

Neste artigo, parágrafo que comeza por Artigo 42, punto 2, letra a), onde di: "... vinte e cinco ...", debe dicir: "... vinte ..."

Emenda nº39, ao apartado 2.b, de Modificación. Artigo 34

Neste artigo parágrafo que comeza por Artigo 42, punto 2, letra b), onde di: 2.000.000, debe dicir: "... 1.000.000 ..."

Emenda nº40, ao apartado 2.c), de Adición. Artigo 34

Neste artigo, parágrafo que comeza por Artigo 42, punto 2, letra c), débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . Neste sentido o Igape, anualmente e antes del 1 de xaneiro do exercicio correspondente, propondrá un listado de criterios avaliados no marco da contribución o cumprimento dos obxectivos do desenvolvemento sostible aprobados polas Naciónes Unidas e da lexislación aplicable vixente, así como dos sectores que considera estratéxicos ao efectos de que os proxectos poidan cualificarse como iniciativas empresariais prioritarias."

Emenda nº41, ao apartado 2, de Adición. Artigo 34

No parágrafo que comeza por Artigo 42, débese engadir un novo parágrafo despois da letra c) do punto 2, que terá o seguinte contido:

“No caso de que os proxectos se desenvolvan en municipios galegos con maior risco de despoamento, os requisitos que deben cumprir os proxectos en materia de investimento e creación de emprego reduciranse á metade do que se establece nas letras a) e b) anteriores.”

Emenda nº42, ao apartado 3, de Adición. Artigo 34

No parágrafo que comeza por Artigo 42, punto 3, despois da expresión: "... que se vaian instaurar ...", débese engadir: ..., así como da súa correspondente temporalización, ..."

Emenda nº43, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 34

No parágrafo que comeza por Artigo 43, débese engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. Igualmente o Igape solicitará un informe do concello ou concellos sobre os que se tente levar acabo a implantación empresarial."

Emenda nº44, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 34

No parágrafo que comeza por Artigo 43 ..., débese engadir un novo punto 4 bis, que terá o seguinte contido:

O Igape disporá dun prazo máximo de 15 días naturais para revisar e valorar que o proxecto de investimento ou reinvestimento empresarial presentado cumpra cos requisitos exixidos nesta lei, debendo acomodar a solicitude de informes que evacúe a tal prazo. Posteriormente, se ditará a correspondente proposta de resolución de cualificación como proxecto prioritario de investimento por parte da persoa titular da consellaría competente en materia de sectores produtivos e internacionalización. No caso de que os criterios resulten insuficientes ou o seu umprimento non quede acreditado no prazo establecido, concederáse un prazo de dez días hábiles para que a persoa interesada poda emendar e achegar a documentación necesaria. No caso de rematar o prazo sen ter satisfeito o requirimento, ditarase a correspondente resolución denegatoria."

Emenda nº45, de Adición. Artigo 36

Débese engadir unha nova epígrafe Catro bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"Catro bis. Engádese unha nova letra f) bis, ao artigo 7, coa seguinte redacción:



f) bis. Elaborar e remitir ao Parlamento de Galicia, un informe trimestral sobre as actuacións realizadas e previstas por parte da Xunta de Galicia cara á celebración dos distintos xacobeos durante, polo menos, os dous anos previos á súa celebración."

Emenda nº46, de Modificación. Artigo 39

No punto dous deste artigo, no parágrafo que comeza por: A consulta pública previa deberá realizarse" Onde di: "... non inferior a quince días naturais" Debe dicir: "... non inferior a trinta días naturais ..."

Emenda nº47, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 39

No punto 2 deste artigo, no último parágrafo, que comeza por: Poderá prescindirse do trámite de consulta pública", débese suprimir o seguinte parágrafo: "... ou cando a proposta normativa non teña impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspecto parciais dunha materia."

Emenda nº48, ao apartado 5, de Adición. Artigo 39

No punto 5 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... En todo caso estas suxestións serán tamén publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto."

Emenda nº49, de Supresión. Disposición adicional primeira

Debe suprimirse.

Emenda nº50, de Adición. Disposición adicional segunda

Débase engadir unha nova disposición adicional segunda bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional segunda bis. Prezos públicos de títulos universitarios a compensar pola Administración autonómica.

A Xunta de Galicia, logo dos estudos correspondentes, realizará a revisión do sistema de prezos académicos das universidades de Galicia, tal que, cá súa colaboración, se deberá garantir a gratuidade da primeira matrícula en todos os graos do sistema universitario de Galicia, co fin de acadar a súa eliminación progresiva, ao mesmo tempo que definirá o sistema de compensación económica ás universidades, establecendo un calendario de implementación que, en todo caso, deberá poñerse en vigor para o curso 2019/2020 e non estenderse máis alá dos catro anos."

Emenda nº51, de Modificación. Disposición adicional segunda

Nesta disposición adicional, onde di: " A Xunta de Galicia estudará a **implantación dun** sistema de carreira ...", debe dicir: " A Xunta de Galicia **implantarán un** sistema de carreira ..."

Emenda nº52, de Modificación. Disposición adicional segunda

Nesta disposición adicional onde di: "... dentro do respecto á normativa aplicable do Estado Debe dicir: "... no marco da lexislación vixente ..."

Emenda nº53, de Adición. Disposición transitoria primeira

Débase engadir unha nova disposición transitoria primeira bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria primeira bis. Posta en marcha da Oficina de Control Orzamentario.

Pola Mesa do Parlamento de Galicia, e escoitada a Xunta de Portavoces, aprobarase o Regulamento sobre a composición,

estrutura e funcionamento interno da Oficina de Control Orzamentario que establece o artigo 7 Un bis desta lei, así como da súa Comisión reitora. Os deputados e deputadas pertencentes a esta comisión reitora non percibirán ningunha clase de retribución especial engadida por pertencer a ela. Pola Presidencia do Parlamento de Galicia realizaranse as actuacións necesarias para proceder no prazo máximo de seis meses á aprobación do Regulamento que se establece no artigo 6 desta lei e para que proceda a asignar os medios iniciais necesarios para a posta en funcionamento efectivo da Oficina Galega de Control Orzamentario.

A posta en marcha da Oficina Galega de Control Orzamentario non poderá supoñer aumento na consignación orzamentaria total asignada ao Parlamento de Galicia."

Emenda nº54, de Adición. Disposición transitoria primeira

Débese engadir unha nova disposición transitoria primeira ter, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria primeira ter. Cooperación interadministrativa en relación ás iniciativas empresariais prioritarias.

En relación co establecido no artigo 34 desta lei sobre as iniciativas empresariais prioritarias, o Igape, con carácter inmediato, informará ás entidades locais de Galicia da súa aprobación e da posibilidade de subscribir os oportunos instrumentos de colaboración, para o cal achegará a oportuna dotación orzamentaria."

Emenda nº55, de Adición. Disposición transitoria primeira

Débese engadir unha nova disposición transitoria primeira q, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria primera quater. Criterios e sectores estratéxicos en relación ás iniciativas empresariais prioritarias.

En relación ao establecido no artigo 34 desta lei, o Igape, no prazo non superior a un mes a partir da entrada en vigor desta lei, publicará o listado de criterios avaliábeis no marco da contribución ao cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible, así como dos sectores que considera estratéxicos a efectos de que os proxectos poidan cualificarse como iniciativas empresariais prioritarias, e, igualmente, dará a coñecer a listaxe de concellos galegos con maior risco de despoboamento."

Emenda nº56, de Adición. Disposición transitoria primeira

Débase engadir unha nova disposición transitoria quintus, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria primeira quintus. Reunión do Consello Reitor de Portos de Galicia

A convocatoria para a reunión do Consello Reitor de Portos de Galicia de acordo coa composición e a normativa establecida no artigo 16 desta lei, deberá realizarse, de xeito inaprazable, no primeiro trimestre de 2019."

Emenda nº57, ao apartado Sextus, de Adición. Disposición transitoria primeira

Débase engadir unha nova disposición transitoria primeira sextus, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria primeira sextus. Nova imposición medio ambiental

No prazo máximo de dous meses desde a aprobación desta lei, a Xunta de Galicia remitirá ao Parlamento de Galicia os proxectos de lei de nova tributación relativos ao imposto de emisión de gases á atmosfera, ao imposto sobre instalacións que incidan no medio ambiente e ao imposto sobre grandes establecementos ou superficies comerciais. Para tal fin poderá basearse na formulación que de tales tributos xa posúen outras comunidades autónomas."

Emenda nº58, de Supresión. Disposición transitoria segunda

Debe suprimirse.

Emenda nº59, ao apartado 1.a), de Supresión. Disposición derogatoria única

Debe suprimirse a letra a) do punto 1, desta disposición.

Emenda nº60, ao apartado 1.d), de Modificación. Disposición derogatoria única

O contido do texto da letra d) do punto 1, débese substituír polo seguinte:

“d) A Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, agás o seu artigo 4.1 tres, que manterá a súa vixencia.”

Emenda nº61, ao apartado 1.e), de Supresión. Disposición derogatoria única

Debe suprimirse a letra e) no punto 1, desta disposición.

Emenda nº62, ao apartado 1.f), de Supresión. Disposición derogatoria única

Débese suprimir a letra f) do punto 1 desta disposición.

Emenda nº63, ao apartado 1.g), de Supresión. Disposición derogatoria única

Débese suprimir a letra g) desta do punto 1 desta disposición.



Emenda nº64, ao apartado 1.h), de Supresión. Disposición derogatoria única

Débese suprimir a letra h) do punto 1 desta disposición.

Emenda nº65, ao apartado 1.i), de Supresión. Disposición derogatoria única

Debe suprimirse a letra i) do punto 1, desta disposición.

Emenda nº66, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Debe suprimirse.

Asinado dixitalmente por:

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/11/2018
17:18:35**

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E
ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 10/PL-000011).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 1

Engádese un novo parágrafo ao comezo do artigo 1, co seguinte teor literal:

"O apartado Dous do artigo 4 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como sigue:

Base liquidábel - Ata euros	Cota íntegra - Euros	Resto base liquidábel - ata euros	Tipo aplicábel - (%)
0	0	12.450	9,5
12.450	1.182,75	7.750	11,75
20.200	2.093,38	7.500	14,0
27.700	3.143,38	7.500	17,0
35.200	4.418,38	12.400	20,0
47.600	6.898,38	12.400	21,5
60.000	9.366,87	60.000	24,5
120.000	24.066,87	En diante	25,5

Emenda nº2, de Adición. Artigo 2

Engádese un novo novo punto, o Dous, no artigo 2, coa seguinte redacción:

"Dous. Suprímese o artigo 70 da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014."

Emenda nº3, de Substitución. Artigo 3

Substitúese o contido actual do artigo 3 polo seguinte texto:

"Artigo 3. Imposto sobre o patrimonio

O artigo 13 bis do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

"Artigo 13 bis. Cota íntegra

A base liquidábel do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:

Base liquidábel ata euros	Cota íntegra euros	Resto base liquidábel ata euros	Tipo aplicábel %
0	0	167.129,45	0,3
167.129,45	501,39	167.123,43	0,6
334.252,88	1.337,00	334.246,87	1,0
668.499,75	4.178,10	668.499,76	1,8
1.336.999,51	14.539,86	1.336.999,50	2,6
2.673.999,01	43.285,35	2.673.999,02	3,4
5.437.998,03	116.820,32	5.347.998,03	4,2
10.695.996,06	295.978,25	En diante	5,0

Emenda nº4, de Adición. Artigo 4 bis

Engádesse un novo artigo 4 bis polo que se crea un novo imposto sobre os grandes establecementos comerciais co seguinte texto:



“Artigo 4 bis. Imposto sobre as grandes superficies comerciais.
Un. Establécese, como tributo propio da Comunidade Autónoma, un imposto sobre as grandes superficies comerciais, entendendo por tais os establecementos individuais que teñan unha superficie de venda igual ou superior a 2.500 m² dedicados á venda ao por menor, excluídos os establecementos de venda de vehículos a motor, maquinaria industrial, materiais de construción e produtos agrícolas e de xardinaría.

Dous. Este imposto grava a capacidade e incidencia económica e social singulares dos establecementos comerciais que desenvolven a súa actividade en grandes superficies, atendendo as externalidades sociais, económicas e ambientais que producen.

Tres. O feito imponible vén constituído pola utilización de grandes superficies con finalidade comercial.

Catro. É suxeito pasivo deste imposto a persoa física ou xurídica titular do grande establecemento comercial, estea xa ou non situado nun centro comercial colectivo.

Cinco. A base imponible do imposto constitúe a superficie total do establecemento comercial individual expresada en metros cadrados.

Seis. O tipo de gravame é de 30 euros por metro cadrado.

Sete. Aplicarase unha redución do 50 por 100 da cota tributaria aos grandes establecementos dedicados á venda de mobiliario, artigos de saneamento, artigos de bricolaxe e portas e xanelas.

Oito. Bonificacións. Establécese unha bonificación de ata o 30 por 100 para os grandes establecementos que contén con acceso dun ou máis medios de transporte público. Regulamentariamente desenvolveranse os termos e condicións desta bonificación.

Nove. O período impositivo coincide co ano natural.”

Emenda nº5, de Adición. Artigo 4 ter

Engádese un novo artigo 4 ter polo que se crea un novo imposto sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión, co seguinte texto:

“Artigo 4 ter. Imposto medioambiental sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión.

Un. Obxecto do imposto

O Imposto medioambiental sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión situadas no territorio da

Comunidade Autónoma de Galiza ten por obxecto gravar a concreta capacidade económica que se manifesta na xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma por estas instalacións eléctricas a través de elementos fixos de alta tensión.

Dous. Feito imponible

1. O dano medioambiental causado pola xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma de Galiza pola realización de actividades de transporte de enerxía eléctrica para o subministro a través de elementos fixos de alta tensión constitúe o feito imponible do imposto.

2. Entenderase producido o dano medioambiental aínda cando as instalacións para o transporte e subministro de enerxía eléctrica a través de elementos fixos de alta tensión se atopen en desuso ou non entren en funcionamento.

Tres. Obrigados/as tributarios/as

1. Son suxeitos pasivos do imposto, en calidade de contribuíntes, quen realicen as actividades que causan o dano medioambiental ou exploten as instalacións que xeren o feito imponible do imposto.

2. Será responsable solidario do pago do imposto o/a propietario/a das instalacións que xeren o feito imponible cando non coincidan con quen as exploten.

Catro. Base imponible e cota tributaria

1. A base imponible do imposto estará constituída polos quilómetros de tendido eléctrico en redes de capacidade igual ou superior aos 220 kW.

2. A cota tributaria do imposto resulta de aplicar un tipo de gravame en función da lonxitude e a capacidade do tendido eléctrico. Concretamente, os tipos de gravame serán os seguintes:

Base Imponible	Tipo/euros
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 220 kW. e menor de 400 kW.	700€
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 400 kW.	1.150 €

3. No caso de que a instalación ou elementos fixos se atopen en desuso, terase en conta a efecto do cálculo da base imponible coma se a capacidade do tendido eléctrico fóra de 220 kW."

Cinco. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo."

Emenda nº6, de Adición. Artigo 4 quater

Engádesse un novo artigo 4 quater polo que se crea un novo imposto sobre bebidas con exceso de azucre, co seguinte texto:

“Artigo 4 quater. Imposto sobre bebidas con exceso de azucre

Un. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O obxecto deste imposto é gravar o consumo de bebidas azucradas envasadas con exceso de azucre, debido aos nocivos efectos que teñen na saúde da poboación.
2. O imposto sobre bebidas azucradas envasadas é exixible en todo o territorio de Galiza.

Dous. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible do imposto a adquisición de bebidas azucradas envasadas, a título gratuito ou oneroso, polo contribuínte, por razón dos efectos que o consumo destas bebidas produce na poboación.
2. Son bebidas azucradas as que conteñen edulcorantes calóricos engadidos como, entre outros, azucre, mel, frutosa, sacarosa, xarope de millo, xarope de pradairo, néctar ou xarope de agave e xarope de arroz.
3. Están suxeitas ao imposto as seguintes tipoloxías de bebidas azucradas, sempre que conteñan 5 ou máis gramos de azucre por cada 100 mililitros:
 - a) Os refrescos ou sodas: bebidas sen alcohol de distintos sabores, con ou sen gas, preparadas comercialmente e que se venden en botellas ou latas, así como as que se subministran ao consumidor mediante un surtidor.
 - b) As bebidas de néctar de froitas e zumes de froitas.
 - c) As bebidas deportivas: bebidas deseñadas para axudar aos atletas na rehidratación, así como na reposición dos electrólitos, o azucre e outros nutrientes.
 - d) As bebidas de té e café.
 - e) As bebidas enerxéticas: bebidas carbonatadas que conteñen grandes cantidades de cafeína, azucre e outros ingredientes, como vitaminas, aminoácidos e estimulantes a base de herbas.
 - f) Leites adoçadas, bebidas alternativas do leite, batidos e bebidas de leite con zume de froita.
 - g) Bebidas vexetais.
 - h) Augas con sabores.



4. Non están suxeitos ao imposto as bebidas elaboradas a partir de zumes de froita ou de verdura naturais, concentrados ou reconstituídos, ou a súa combinación, nin tampouco leites ou alternativas dos leites, que non conteñan edulcorantes calóricos engadidos. Tamén están excluídos os iogures bebibles, os leites fermentados bebibles, os produtos para uso médico e as bebidas alcohólicas.

Tres. Contribuínte

1. É suxeito pasivo, en calidade de contribuínte, a persoa física ou xurídica que proporciona a bebida azucrada envasada ao consumidor final do produto.

2. O contribuínte está obrigado a repercutir o imposto ao consumidor final da bebida.

3. Como suxeito pasivo, corresponde ao contribuínte cumprir a obrigaón tributaria principal e as obrigaóns formais inherentes á mesma, nos termos que se establezan por regulamento.

4. É suxeito pasivo, en calidade de substituto do contribuínte, o distribuidor residente en territorio español que fornece as bebidas azucradas envasadas ao establecemento que as pon a disposición do consumidor. Se quen fornece as bebidas e o establecemento que as pon a disposición do consumidor son a mesma persoa, enténdese que a súa relación coa Administración tributaria é a título de contribuínte e non de substituto do contribuínte, e élle aplicable o que establece o punto 3.

5. Deben establecerse por regulamento as obrigaóns formais que terá que cumprir o substituto do contribuínte.

Catro. Base imponible e tipo de gravame

1. Constitúe a base imponible do imposto a cantidade en litros de bebida azucrada envasada entregada polo distribuidor e adquirida polo contribuínte.

2. O tipo de gravame do imposto é o seguinte:

a) 0,07 euros por litro para bebidas cun contido de azucre entre 5 e 8 gramos por 100 mililitros.

b) 0,12 euros por litro para bebidas cun contido de azucre superior a 8 gramos por 100 mililitros.

No caso de preparados solubles e xaropes concentrados preparados para diluír, o tipo aplícase á bebida en base á súa composición unha vez está reconstituída e preparada para o seu consumo.

Cinco. Devindicación

1. O imposto devindícase no momento da adquisición da bebida azucrada envasada, no territorio de aplicación do tributo, por parte do contribuínte ao distribuidor.

2. No caso do substituto do contribuínte, o imposto devíndicase no momento no que o contribuínte pon a bebida a disposición do consumo.

Seis. Autoliquidación

1. O substituto do contribuínte, ou, se procede, o contribuínte, están obrigados a presentar a autoliquidación do imposto e a efectuar o correspondente ingreso dentro do prazo que se estableza por regulamento.

2. O modelo de autoliquidación debe aprobarse por orde do/a conselleiro/a do departamento competente en materia tributaria.

Sete. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo."

Emenda nº7, de Adición. Artigo 4 quinquies

Engádese un novo artigo 4 quinquies polo que se crea un novo imposto sobre as vivendas baleiras, co seguinte texto:

“Artigo 4 quinquies. Imposto sobre as vivendas baleiras

Un. Natureza, obxecto e ámbito territorial de aplicación

1. O imposto sobre as vivendas baleiras é un tributo propio da Xunta de Galiza, de natureza directa, que grava o incumprimento da función social da propiedade das vivendas polo feito de permanecer desocupadas de forma permanente.

2. O imposto sobre as vivendas baleiras é aplicable no ámbito territorial de Galiza.

Dous. Feito imponible

Constitúe o feito imponible do imposto sobre as vivendas baleiras a desocupación permanente dunha vivenda durante máis de dous anos sen causa xustificada, posto que dita desocupación afecta á función social da propiedade da vivenda.

Tres. Definicións

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, enténdese por:

a) Vivenda: a edificación fixa destinada á residencia de persoas físicas ou utilizada con este fin, incluídos os espazos e os servizos comúns do inmovible en que está situada e os anexos que están vinculados a ela, si ten acreditado o cumprimento das condicións de habitabilidade e cumpre a función social de aportar ás persoas que residen nela o espazo, as instalacións e



os medios materiais necesarios para satisfacer as súas necesidades persoais ordinarias de habitación.

b) Vivenda baleira: a vivenda desocupada permanentemente, sen causa xustificada, durante máis de dous anos.

Catro. Ocupación da vivenda

Acredítase que unha vivenda está ocupada si o seu propietario dispón dun título, como o de arrendamento ou calquera outro análogo, que habilita a ocupación, e xustifícase documentalmente por calquera medio de proba admisible en dereito.

Cinco. Cómputo do período de dous anos

1. O cómputo do período de dous anos ao que se refire o punto 3 iníciase a partir da data en que a vivenda está a disposición do propietario para ser ocupada ou para ceder o seu uso a un terceiro, e non existe causa algunha que xustifique a súa desocupación. É necesario que durante estes dous anos o suxeito pasivo sexa titular de a vivenda de forma continuada.

2. No caso das vivendas de nova construción, enténdese que existe disponibilidad para que a vivenda sexa ocupada a partir de tres meses a contar desde a data do certificado final de obra.

3. É causa de interrupción do cómputo dos dous anos a ocupación da vivenda durante un período de, como mínimo, seis meses continuados.

Seis. Causas xustificadas de desocupación dunha vivenda

Aos efectos do imposto sobre as vivendas baleiras, son causas xustificadas de desocupación dunha vivenda os seguintes supostos:

a) Que a vivenda sexa obxecto dun litixio xudicial pendente de resolución no que ten a ver coa súa propiedade.

b) Que a vivenda se teña que rehabilitar. Neste caso, as obras deben xustificarse cun informe emitido por un técnico con titulación académica e profesional que o habilite como proxectista, director de obra ou director da execución da obra en edificación residencial de vivendas, que debe indicar que as obras son necesarias para que a vivenda poida ter as condicións mínimas de habitabilidade esixidas pola normativa vixente.

Soamente pode alegarse esta causa nun único período impositivo, e pode ampliarse a un segundo exercicio sempre que se acredite que as obras iniciáronse durante o primeiro.

c) Que a vivenda, previamente á aprobación da presente lei, estea hipotecada con cláusulas contractuais que imposibiliten ou fagan inviable destinala a un uso distinto ao que se previu inicialmente, cando se outorgou o financiamento, sempre que o suxeito pasivo e o acredor hipotecario non formen parte do mesmo grupo empresarial.



d) Que a vivenda estea ocupada ilegalmente e o propietario teña documentalmento acreditado.

e) Que a vivenda forme parte dun edificio adquirido integramente polo suxeito pasivo nos últimos cinco anos, para a súa rehabilitación, e sempre que teña unha antigüidade de máis de corenta e cinco anos e conteña vivendas ocupadas que fagan inviable tecnicamente o inicio das obras de rehabilitación.

Sete. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos do imposto, a título de contribuíntes, as persoas xurídicas propietarias de vivendas baleiras sen causa xustificada durante máis de dous anos.

Tamén son suxeitos pasivos as persoas xurídicas titulares dun dereito de usufruto, dun dereito de superficie ou de calquera outro dereito real que outorgue a facultade de explotación económica da vivenda.

2. Non obstante o establecido polo punto 1, os grupos fiscais ou grupos de sociedades poden optar por tributar baixo o réxime de consolidación neste imposto. As entidades que integran un grupo de sociedades ou un grupo fiscal e optan por aplicar o réxime de consolidación fiscal non tributan en réxime individual. En tal caso, a condición de suxeito pasivo recae sobre o grupo fiscal ou o grupo de sociedades. A sociedade dominante ten a representación do grupo e está suxeita ao cumprimento das obrigacións tributarias materiais e formais que deriven do réxime de consolidación fiscal.

3. A opción pola tributación consolidada e as obrigas derivadas desta tributación regúlanse por vía regulamentaria.

Oito. Exencións

1. Quedan exentos do imposto as entidades do terceiro sector así como as seguintes vivendas:

a) As vivendas protexidas con cualificación oficial vixente.

b) As vivendas situadas en zonas de escasa demanda acreditada.

c) As vivendas postas a disposición de programas sociais de vivenda, acordados coas administracións públicas, para ser destinadas a programas en aluguer social de vivenda.

d) As vivendas destinadas a usos regulados pola lexislación turística ou a outras actividades económicas non residenciais, sempre que os seus titulares poidan acreditar que desenvolveron a actividade dentro dos últimos dous anos, e se teñen satisfeito os tributos correspondentes á actividade desenvolvida e se declararon os ingresos obtidos por esta actividade. No caso de vivendas de uso turístico é necesario, ademais, que estean inscritas no rexistro xestionado polo departamento competente en materia de turismo.

Nove. Base imponible

1. Constitúe a base imponible do imposto sobre as vivendas baleiras o número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto de que é titular o suxeito pasivo na data de deño do imposto, reducida en 160 metros cadrados en concepto de mínimo exento.

2. Si se optou por a tributación consolidada, a base imponible está constituída polo número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto das que son titulares as persoas xurídicas integradas en o grupo fiscal ou grupo de sociedades, reducida en o número de metros cadrados que resulte de multiplicar o mínimo exento establecido polo apartado 1 polo número de persoas xurídicas titulares de vivendas suxeitas ao imposto integradas no grupo.

Dez. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo."

Emenda nº8, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 12

Suprímese o apartado Un do artigo 12.

Emenda nº9, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 19

Suprímese o apartado Dous do artigo 19.

Emenda nº10, ao apartado Cinco, de Supresión. Artigo 19

Suprímese o apartado Cinco do artigo 19.

Emenda nº11, ao apartado Dezaseis, de Supresión. Artigo 19

Suprímese o apartado Dezaseis do artigo 19.

Emenda nº12, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 21

Suprímese o apartado Tres do artigo 21.

Emenda nº13, de Supresión. Artigo 22

Suprímese o artigo 22.

Emenda nº14, de Supresión. Artigo 29

Suprímese o artigo 29.

Emenda nº15, de Supresión. Artigo 31

Suprímese o artigo 31.

Emenda nº16, de Supresión. Disposición adicional primeira

Suprímese a Disposición adicional primeira.

Emenda nº17, de Adición. Disposición adicional terceira

Engádese unha nova Disposición Adicional terceira, co seguinte texto:

"Recoñécese o carácter público das tres fundacións hospitalarias de xestión dos institutos de investigación biomédica de Galiza, e a súa dependencia da Axencia do Coñecemento en Saúde."

Emenda nº18, de Adición. Disposición adicional cuarta

Engádese unha nova Disposición adicional, que sería a cuarta, co seguinte texto:



"Disposición adicional cuarta. Creación de comisión para a implantación dunha taxa ou imposto que grave a prestación de servizos de comunicacións electrónicas

Nun prazo máximo de tres meses crearase unha comisión xurídica que desenvolverá a implantación dunha taxa ou imposto que grave a prestación de servizos de comunicacións electrónicas cuxo contido sexa acorde ao establecido na Sentenza 94/2017, de 6 de xullo ditada polo tribunal Constitucional."

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 16/11/2018 16:56:07

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727